

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E NOVE DE DECEMBRO DE DOUS MIL DEZASEIS.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Dna. Raquel Caruncho Corral.

Dna. Marta Pico Machado

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

(abandona a sesión ás 13:50h durante o transcurso do debate do do punto 6 da orde do día, orzamento xeral do concello de Ponte deume ano 2017)

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

(abandona a sesión ás 13:55h, concluída a votación do punto 6 da orde do día, orzamento xeral do concello de Ponte deume ano 2017)

Non asiste:

Dna. Silvia Fornos Permuy.

Secretario-Accidental:

D. Alberto Pensado Seijas

Interventora:

Dna. Silvia Lamelas Soto

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e trece minutos do día vinte e nove de decembro de dous mil dezaseis, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos polo Secretario-Accidental e Interventora Municipais.

A Presidencia abre a sesión, desculpa a non asistencia da concelleira Dna. Silvia Fornos Permuy por enfermidade, procedéndose, a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1 LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

- SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 24/11/2016.

- SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 28/11/2016

Recibida polas persoas membro do Pleno a proposta de acordo, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR:

- SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 24/11/2016.

- SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 28/11/2016.



Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

- ordinaria de 24/11/2016 .
- extraordinaria e urxente de 28/11/2016.

Sométese á aprobación á seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO. Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesión

- ordinaria de 24/11/2016 .
- extraordinaria e urxente de 28/11/2016.

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

En Pontedeume, asinado dixitalmente na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

D. Francisco Javier Crespo Romeo e Dna. Ascensión de Vicente Olarte indican que se absterán na votación dos borradores das actas das sesión nas que non estiveron presentes, polo que se someten a votación os borradores das actas por separado.

Someténdose a aprobación o borrador da acta correspondente á sesión ordinaria de 24/11/2016, resulta **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 11 votos a favor** das concelleiras e concelleiros: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, Dna. Marta Pico Machado, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, D. Andrés Pérez Pérez, Dna. Ana María Veira García, D. Jorge Serafín Allegue Freire; e **1 abstención** de Dna. Ascensión María de Vicente Olarte:

PRIMEIRO: Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 24/11/2016.

SEGUNDO: Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

Someténdose a aprobación o borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria e urxente de 28/11/2016, resulta **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 11 votos a favor** das concelleiras e concelleiros: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dna. Raquel Caruncho Corral, Dna. Marta Pico Machado, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión María de Vicente Olarte D. Andrés Pérez Pérez, Dna. Ana María Veira García, D. Jorge Serafín Allegue Freire; e **1 abstención** de D. Francisco Javier Crespo Romeo e, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO: Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Extraordinaria e urxente de 28/11/2016.

SEGUNDO: Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.-CORRECCIÓN ERRO ARITMÉTICO EXPEDIENTE 2016/C004/000004 DE CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME.

Recibido polas persoas membro do Pleno, copia do ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE CI Servizos Sociais, Educación, Deportes, Comercio, Turismo-Cultura e Xuventude-Parques e Xardíns

SESIÓN: Ordinaria de data luns 26 de decembro de 2016

EXPDTE: 2016/G012/000003

Sesión nº: 5/2015-2019

2.- CORRECCIÓN ERRO ARITMÉTICO EXPEDIENTE 2016/C004/000004 DE CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (SAF) DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME

O Secretario Accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

O Pleno do Concello, en sesión ordinaria de data 27/10/2016 adoptou, entre outros, o acordo de reiniciar o expediente de contratación do servizo de axuda no fogar de dependencia do concello de Ponte deume mediante procedemento aberto, oferta economicamente máis vantaxosa, varios criterios de adjudicación, suxeito a regulación harmonizada, conservando os actos administrativos válidos e que sexan coincidentes na nova licitación coa que neste momento se declara deserta amparado o presente acordo no principio de conservación dos actos administrativos válidos e por económica procedimental, en concreto manteranse como válidos os seguintes:

-Informes do servizo

-Informes xurídicos de procedemento

-Prego de prescipcións técnicas que manterá a redacción aprobada polo Pleno ordinario de data 31.05.2016

-Prego de cláusulas administrativas que manterá a redacción aprobada polo Pleno ordinario de data 31.05.2016, ao que se incorporarán as seguintes modificacións que se aproban por medio do presente acordo:

...//...

- Modificación do orzamento do contrato en concreto o prezo unitario, valor hora ordinaria e hora extraordinaria, o que fai que o cadro de características do contrato así como a cláusula 3 do prego de cláusulas administrativas particulares que quedará redactada do seguinte xeito e á que se lle da aprobación:

"3. ORZAMENTO DO CONTRATO E TIPO DE LICITACIÓN.

O prezo a aboar polo Concello de Ponte deume pola prestación do servizo será como máximo:

De luns a sábados	14.00 € por hora de servizo sen IVE engadido
Domingos e festivos	14.50 € por hora de servizo sen IVE engadido



Nesta contratación enténdese que os contratistas, ao formular a súa proposta económica, inclúen nas mesmas o importe do IVE, sen prexuízo de que o importe deste imposto se indique como partida independente. O IVE a engadir é do 4 %, resultando o prezo da hora ordinaria en 14.56 euros/hora e o prezo de hora extraordinaria 15.08 euros/hora.

O orzamento do contrato virá determinado polo número de horas efectivamente realizadas en función das necesidades do servizo.

O orzamento de licitación do contrato calcúlase en 351.500,00 €/ano/sen IVE o que se lle engadirá o 4 % de IVE, resultando 365.560,00 € euros/ano/IVE engadido, segundo os datos facilitados polos servizos sociais en canto á estimación de horas anuais.

O prezo ofertado inclúe todos os gastos nos que teña que incurrir a empresa para realizar o servizo, tales como gastos de roupa, material, gastos de transporte, non podendo facturar ningún concepto de forma independente.

Aos efectos de determinar o importe da garantía definitiva, de acordo co establecido no artigo 95.3 do TRLCSP, o orzamento base de licitación do contrato, que resulta de aplicar o prezo unitario por hora, según o informe do sevizto municipal de servizos sociais é o seguinte:

25.000 horas totais anuais das que o 88% son ordinarias, é dicir, 22.000 horas de semana + sábados mañana x 14.00 €/h = 308.000.00 € e o 12% son extraordinarias, é dicir, 3.000 horas sábado tarde + domingo y festivos x 14.50 € h= 43.500.00 €, o que fai un total de 351.500,00 euros. Polo que o prezo de licitación do contrato con IVA incluído = (320.320,00 € + 45.240,00 €) = 365.560,00 €.

Os licitadores formularán as súas propostas especificando o prezo ordinario e extraordinario con desglose do IVE que corresponda.

Entenderase que as ofertas dos licitadores inclúen os tributos que sexan de aplicación de acordo coa lexislación vixente.

TRAMITACIÓN ANTICIPADA DO CONTRATO.

Tendo en conta os prazos establecidos no RDLxvo 3/2011 de 14 de novembro para a tramitación aínda urxente pero dun procedemento aberto suxeito a regulación harmonizada, non será posible, previsiblemente, formalizar o contrato dentro do exercizo 2016, á vista a duración do contrato xa iniciado o 31 de maio de 2016 e que nestes momentos non se atopa finalizado, de ahí que se acuda á tramitación anticipada do expediente de contratación para o exercizo 2017 e seguintes o que fai que non se estableza crédito previsto para a anualidade de 2016, senón que se incorpore ao expediente, conforme ao establecido na base 47 das bases de execución do orzamento municipal do concello de Pontedeume para 2016, certificado de Intervención de data 25 de outubro de 2016 no que se fai constar que para este tipo de gasto a efectuar existe normalmente crédito adecuado e suficiente nos orzamentos xerais, ou ben está previsto crédito adecuado e suficiente no proxecto de orzamentos correspondente ao exercizo no que se debe iniciar a execución do gasto, que neste suposto que nos ocupa será previsiblemente o exercizo 2017, tendo en conta a data na que se adopta o presente acordo.

VALOR ESTIMADO DO CONTRATO.-

A efectos da licitación, o valor estimado para toda a duración do contrato, de acordo coas previsións do artigo 88 do Texto refundido da LCSP (importe total, sen incluír o IVE), e incluíndo eventuais prórrogas é de 1.462.240,00 euros distribuído do seguinte xeito (artigos 87, 88 e 302 do TRLCSP):

ANUALIDADE	PRESUPUESTO DE LICITACIÓN (IVE excluído)	I.V.E 4%	IMPORTE con IVE
1º Ano (2017)	351.500.00 €	14.060 €	365.560.00 €
2º ano (2018)	351.500.00 €	14.060 €	365.560.00 €

Posible prórroga (2019)	351.500.00 €	14.060 €	365.560.00 €
Posible prórroga (2020)	351.500.00 €	14.060 €	365.560.00 €

Pois ben, detectado erro no punto correspondente a VALOR ESTIMADO DO CONTRATO PROPOÑO

PRIMEIRO: A corrección do erro aritmético seguinte, conforme ao establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro no sentido seguinte:

Onde di

A efectos da licitación, o valor estimado para toda a duración do contrato, de acordo coas previsións do artigo 88 do Texto refundido da LCSP (importe total, sen incluír o IVE), e incluíndo eventuais prórrogas é **de 1.462.240,00 euros** distribuído do seguinte xeito (artigos 87, 88 e 302 do TRLCSP): ...//....

Debe dicir

A efectos da licitación, o valor estimado para toda a duración do contrato, de acordo coas previsións do artigo 88 do Texto refundido da LCSP (importe total, sen incluír o IVE), e incluíndo eventuais prórrogas é de **1.406.000,00 euros** distribuído do seguinte xeito (artigos 87, 88 e 302 do TRLCSP):

SEGUNDO: A corrección do erro exclusivamente nos pregos de cláusulas administrativas reguladores da contratación aprobados por acordo do Pleno de data 27/10/2016 publicados no perfil do contratante municipal e que obran no expediente administrativo, xa que os anuncios publicados no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado, no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Perfil de contratante municipal xa foron redactados co importe corrixido sen erro aritmético segundo se constata.

Asinado dixitalmente polo Alcalde-Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro na data que figura na marxe."

Non habendo intervencións e sometido o asunto a votación, queda **DITAMINADA FAVORABLEMENTE por 5 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do PSOE (4): Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Silvia Fornos Permuy, Dña. Marta Pico Machado e do BNG-AA (1): Dña. Ana María Veira García, e **2 abstencións** dos integrantes do Grupo Municipal do PP: Dña. María del Carmen Piñeiro Varela e D. Francisco Javier Crespo Romeo, en todos os seus termos a proposta transcrita"

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Non habendo intervencións, sométese a proposta a votación resultando adoptado **por UNANIMIDADE** dos/as concelleiros/as presentes o seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO: A corrección do erro aritmético seguinte, conforme ao establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015 de 1 de outubro no sentido seguinte:

Onde di

A efectos da licitación, o valor estimado para toda a duración do contrato, de acordo coas previsións do artigo 88 do Texto refundido da LCSP (importe total, sen incluír o IVE), e incluíndo eventuais prórrogas é **de 1.462.240,00 euros** distribuído do seguinte xeito (artigos 87, 88 e 302 do TRLCSP): ...//....

Debe dicir

A efectos da licitación, o valor estimado para toda a duración do contrato, de acordo coas previsións do artigo 88 do Texto refundido da LCSP (importe total, sen incluír o IVE), e incluíndo



eventuais prórrogas é de **1.406.000,00 euros** distribuído do seguinte xeito (artigos 87, 88 e 302 do TRLCSP):

SEGUNDO: A corrección do erro exclusivamente nos pregos de cláusulas administrativas reguladores da contratación aprobados por acordo do Pleno de data 27/10/2016 publicados no perfil do contratante municipal e que obran no expediente administrativo, xa que os anuncios publicados no Diario Oficial da Unión Europea, no Boletín Oficial do Estado, no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña e no Perfil de contratante municipal xa foron redactados co importe corrixido sen erro aritmético segundo se constata.

3.- INCOACIÓN DE PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PROHIBICIÓN DE CONTRATAR Á EMPRESA TU MAYOR AMIGO S.L.

Recibido polas persoas membro do Pleno, copia do ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

<<"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE CI Servizos Sociais, Educación, Deportes, Comercio, Turismo-Cultura e Xuventude-Parques e Xardíns

SESIÓN: Ordinaria de data luns 26 de decembro de 2016

EXPDTE: 2016/G012/000003

Sesión nº: 5/2015-2019

3.- INCOACIÓN DE PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PROHIBICIÓN DE CONTRATAR Á EMPRESA TU MAYOR AMIGO S.L.

O Secretario Accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE SERVIZOS SOCIAIS, EDUCACIÓN, DEPORTES, COMERCIO, TURISMO E CULTURA E XUVENTUDE, PARQUES E XARDÍNS

INCOACIÓN DE PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PROHIBICIÓN DE CONTRATAR Á EMPRESA TU MAYOR AMIGO S.L.

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, (A CORUÑA).

Visto o Acordo do Pleno de data 31.05.2016 de aprobación do expediente de contratación do servizo de axuda no fogar de dependencia do Concello de Pontedeume.

Visto o Acordo do Pleno de data 26.09.2016 no que entre outras cousas, se acordaba a selección da empresa Tu Mayor Amigo S.L. como autora da proposta máis vantaxosa para a Corporación, aprobar a proposta para a súa adxudicación e realizar o requerimento de documentación establecido nos artigos 146.1 e 151.2 do RDL 3/2011 do 14 de novembro, e cláusula 14ª do Prego de cláusulas administrativas.

Visto o escrito presentado por D. Manuel Alonso Hevia, en representación da empresa Tu mayor amigo SL de data 11/10/2016 (RE nº 7038/2016 do 13/10/2016) no que entre outros indica: "...//.... comunicación de NO ACEPTACIÓN de la adjudicación del contrato de referencia...//...".

Vista a comunicación en data 21/10/2016 con nº RE 7328/2016 de D. Alberto Domínguez Crispin en representación da entidade CLECE SA, prestadora do servizo de axuda a domicilio

a persoas dependentes do municipio de Pontedeume dende o 4 de setembro de 2008, no que comunica que o vindeiro día 31 de outubro de 2016 cesará na prestación do servizo de axuda a domicilio a persoas dependentes no Municipio de Pontedeume.

Visto o Informe do departamento de servizos sociais do concello, de data 24/10/2016, no que se acredita a necesidade urxente da prestación dese servizo polas consecuencias que pode deparar a interrupción do mesmo.

Visto o Acordo do Pleno de data 27.10.2016 polo que se declara deserto o procedemento de contratación do servizo de axuda no fogar de dependencia do Concello de Pontedeume e reiniciar o expediente, modificando a súa tramitación polo procedemento urxente.

Visto o informe xurídico de data 19.12.2016, que informa favorablemente a incoación dun procedemento de declaración de prohibición de contratar á empresa Tu Mayor Amigo S.L., en virtude do artigo dos artigos 60 e seguintes do TRLCSP e 17 e seguintes do RGLCAP.

Visto o Informe do departamento de servizos sociais do concello, de data 21.12.2016, no que se acreditan os perxuízos ao interes público pola actitude negligente por parte da empresa Tu Mayor Amigo S.L.

Considerando a lexislación aplicable:

- O Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de Novembro.
- O Real Decreto 817/2009, do 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, do 30 de outubro, de contratos do sector público.
- O Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, do 8 de maio).
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Visto canto antecede,

PROPOÑO co fin de que se emita Ditame pola Comisión Informativa permanente de servizos sociais, educación, deportes, comercio, turismo e cultura e xuventude, e parques e xardíns, o seguinte:

PRIMEIRO.- Incoar procedemento de declaración de prohibición de contratar da entidade TU MAYOR AMIGO S.L., en virtude dos artigos 60 e seguintes do TRLCSP e 17 e seguintes do RGLCAP, por mor da súa actuación negligente, pola que quedou deserto o contrato de servizos de axuda no fogar de dependencia do Concello de Pontedeume, por imposibilitar a adxudicación ao seu favor por non cumprimentar o establecido no apartado 2 do artigo 151 dentro do prazo sinalado (artigo 60.2.a) do TRLCSP).

SEGUNDO.- Conceder trámite de audiencia á empresa Tu Mayor Amigo S.L. por espazo de dez (10) días hábiles, nos que poderá alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

Asinado dixitalmente polo Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro na data indicada na marxe."



*Non habendo intervencións e sometido o asunto a votación, queda **DITAMINADA FAVORABLEMENTE por 5 votos a favor** das concelleiras e concelleiros do PSOE (4): Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Silvia Fornos Permuy, Dña. Marta Pico Machado e do BNG-AA (1): Dña. Ana María Veira García, e **2 abstencións** dos integrantes do Grupo Municipal do PP: Dña. María del Carmen Piñeiro Varela e D. Francisco Javier Crespo Romeo, en todos os seus termos a proposta transcrita.>>*

A Presidencia abre a quenda para o debate indicando que esta medida se adopta en función de informes emitidos e polo prexuízo ocasionado polo comportamento negligente da empresa, conforme, sendo unha medida valorada conforme ao procedemento deste tipo de contratación.

Toma a palabra o portavoz do Grupo Municipal do Partido Popular. D. Francisco Javier Crespo Romeo di compartir o sentir pola situación xerada pola actitude da empresa e entender a medida adoptada polo concello. Do mesmo xeito, considera que existen outras empresas que tamén están a alongar os prazos de entrega das obras, coas que se deberían de adoptar este tipo de medidas.

Toma a palabra Dña. Ana Veira García. A portavoz do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego-Asembleas Abertas di que esta problemática xa se ten comentado en plenos anteriores e que se mire de a normativa empregada neste caso, se aplique no caso de outras.

Dende a Presidencia, D. Bernardo Fernández Piñeiro di que o que se está a aprobar aplícase neste caso concreto, non sendo aplicable no caso das obras xa que, nestas últimas, o procedemento legal correspóndese coa imposición de penalidades. Indica que non é unha decisión arbitraria do goerno, se non que se están a aplicar os diferentes tipos de mecanismos que recolle a lexislación vixente para os distintos procedementos de contratación.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando **ADOPTADO por 8 votos a favor** dos membros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE (6): D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, Dña. Marta Pico Machado, D. José Simoes Couceiro e Dña. Yolanda Vázquez Busto, e do BNG-AA (2): Dña. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, e **4 abstencións** dos membros do Grupo Municipal do PP: D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dña. María Carmen Piñeiro Varela, Dña. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Incoar procedemento de declaración de prohibición de contratar da entidade TU MAYOR AMIGO S.L., en virtude dos artigos 60 e seguintes do TRLCSP e 17 e seguintes do RGLCAP, por mor da súa actuación negligente, pola que quedou deserto o contrato de servizos de axuda no fogar de dependencia do Concello de Pontedeume, por imposibilitar a adxudicación ao seu favor por non cumprimentar o establecido no apartado 2 do artigo 151 dentro do prazo sinalado (artigo 60.2.a) do TRLCSP).

SEGUNDO.- Conceder trámite de audiencia á empresa Tu Mayor Amigo S.L. por espazo de dez (10) días hábiles, nos que poderá alegar e presentar os documentos e xustificacións que estime pertinentes.

4.- APROBACIÓN DO PLAN NORMATIVO MUNICIPAL 2017

Recibido polas persoas membro do Pleno, copia do ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

<<"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE Comisión Informativa Permanente de Estudio, Informe e Consulta de Asuntos Xerais do Pleno"

SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 26 de decembro de 2016

EXPDTE: 2016/G012/000004

Sesión nº: 12/2015-2019

2.-APROBACIÓN DO PLAN NORMATIVO MUNICIPAL 2017

O Secretario-Accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA Á COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO.

PROPOSTA DE ACORDO

APROBACION DO PLAN NORMATIVO MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ANO 2017

O Artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que entrou en vigor o pasado 2 de outubro de 2016, establece a obriga para todas as administracións públicas de aprobar anualmente e publicar no portal de transparencia un "plan normativo" que conteña todas as iniciativas normativas que se pretendan aprobar no ano seguinte:

"Artículo 132. Planificación normativa.

1. Anualmente, las Administraciones Públicas harán público un Plan Normativo que contendrá las iniciativas legales o reglamentarias que vayan a ser elevadas para su aprobación en el año siguiente.

2. Una vez aprobado, el Plan Anual Normativo se publicará en el Portal de la Transparencia de la Administración Pública correspondiente."

A Disposición final quinta da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que no prazo máximo de un ano dende a entrada en vigor da Lei (2/10/2016), deberán adecuarse a mesma as normas reguladoras dos distintos procedementos que sexan incompatibles con esta lei:

"Disposición final quinta. Adaptación normativa.

En el plazo de un año a partir de la entrada en vigor de la Ley, se deberán adecuar a la misma las normas reguladoras estatales, autonómicas y locales de los distintos procedimientos normativos que sean incompatibles con lo previsto en esta Ley."

Vista a providencia de alcaldía de data 01/12/2016 pola que se incoa expediente para a aprobación do plan normativo municipal para o ano 2017, e solicítase informe xurídico a secretaría sobre o procedemento a seguir para a aprobación do plan anual normativo. A providencia sinala que tendo en conta que está finalizándose o ano 2016, sería conveniente redactar e aprobar con urxencia dito plan normativo ao longo do mes de decembro, para que poida cumprirse por esta administración as citadas obrigas legais, e sen prexuízo de que o plan aprobado poida ser puntualmente modificado ao longo do ano 2017.

Visto o informe xurídico de Secretaría Xeral de data 12/12/2016.

Propoño ao Pleno da Corporación, pleno ditame da Comisión Informativa de Asuntos Xerais do Pleno, a adopción do seguinte **ACORDO:**

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte "Plan normativo municipal para o ano 2017" que contén todos os regulamentos e ordenanzas de nova creación e os que serán obxecto de revisión e modificación (total ou parcial) ao longo do ano 2017 para adaptalos aos requirimentos da nova



Lei de procedemento administrativo e da normativa sectorial específica de aplicación en cada caso.

“PLAN NORMATIVO MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ANO 2017

ÍNDICE:

- I. Exposición de motivos.**
- II. Relación de regulamentos e ordenanzas obxecto de revisión e modificación.**
- III. Relación de regulamentos/ordenanzas de nova creación.**
- IV. Programación temporal estimada de execución do plan.**

I. Exposición de motivos.

O Artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que entrou en vigor o pasado 2 de outubro de 2016, establece a obriga para todas as administracións públicas de aprobar anualmente e publicar no portal de transparencia un “plan normativo” que conteña todas as iniciativas normativas que se pretendan aprobar no ano seguinte:

“Artículo 132. Planificación normativa.

1. Anualmente, las Administraciones Públicas harán público un Plan Normativo que contendrá las iniciativas legales o reglamentarias que vayan a ser elevadas para su aprobación en el año siguiente.

2. Una vez aprobado, el Plan Anual Normativo se publicará en el Portal de la Transparencia de la Administración Pública correspondiente.”

A Disposición final quinta da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, establece que no prazo máximo de un ano dende a entrada en vigor da Lei (2/10/2016), deberánse adecuar a mesma as normas reguladoras dos distintos procedementos que sexan incompatibles con esta lei:

“Disposición final quinta. Adaptación normativa.

En el plazo de un año a partir de la entrada en vigor de la Ley, se deberán adecuar a la misma las normas reguladoras estatales, autonómicas y locales de los distintos procedimientos normativos que sean incompatibles con lo previsto en esta Ley.”

Na exposición de motivos da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, atópanse as razón e finalidades que o lexislador pretende acadar con esta novedosa regulación:

“Durante los más de veinte años de vigencia de la Ley 30/1992, de 26 de noviembre, en el seno de la Comisión Europea y de la Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos se ha ido avanzando en la mejora de la producción normativa («Better regulation» y «Smart regulation»). Los diversos informes internacionales sobre la materia definen la regulación inteligente como un marco jurídico de calidad, que permite el cumplimiento de un objetivo regulatorio a la vez que ofrece los incentivos adecuados para dinamizar la actividad económica, permite simplificar procesos y reducir cargas administrativas. Para ello, resulta esencial un adecuado análisis de impacto de las normas de forma continua, tanto ex ante como ex post, así como la participación de los ciudadanos y empresas en los procesos de elaboración normativa, pues sobre ellos recae el cumplimiento de las leyes.

En la última década, la Ley 17/2009, de 23 de noviembre, y la Ley 2/2011, de 4 de marzo, supusieron un avance en la implantación de los principios de buena regulación, especialmente en lo referido al ejercicio de las actividades económicas. Ya en esta legislatura, la Ley 20/2013, de 9 de diciembre, ha dado importantes pasos adicionales, al poner a disposición de los ciudadanos la información con relevancia jurídica propia del procedimiento de elaboración de normas.

Sin embargo, es necesario contar con una nueva regulación que, terminando con la dispersión normativa existente, refuerce la participación ciudadana, la seguridad jurídica y la revisión del ordenamiento. Con estos objetivos, se establecen por primera vez en una ley las bases con arreglo a las cuales se ha de desenvolver la iniciativa legislativa y la potestad reglamentaria de las Administraciones Públicas con el objeto de asegurar su ejercicio de

acuerdo con los principios de buena regulación, garantizar de modo adecuado la audiencia y participación de los ciudadanos en la elaboración de las normas y lograr la predictibilidad y evaluación pública del ordenamiento, como corolario imprescindible del derecho constitucional a la seguridad jurídica. Esta novedad deviene crucial especialmente en un Estado territorialmente descentralizado en el que coexisten tres niveles de Administración territorial que proyectan su actividad normativa sobre espacios subjetivos y geográficos en muchas ocasiones coincidentes. Con esta regulación se siguen las recomendaciones que en esta materia ha formulado la Organización para la Cooperación y el Desarrollo Económicos (OCDE) en su informe emitido en 2014 «Spain: From Administrative Reform to Continuous Improvement».”

Pola súa parte, o artigo 130 da citada Lei 39/2015, establece a obriga de revisar periodicamente a súa normativa para adaptala aos “principios de boa regulación”, así como para comprobar en qué medida as normas en vigor cumpriron os obxectivos previstos. Os “principios de boa regulación” veñen establecidos no artigo 129 da Lei 39/2015 que dispón que no exercicio da potestade regulamentaria as administracións públicas deberán axustarse aos seguintes principios: necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia, e eficiencia, xustificando o seu cumprimento na exposición de motivos da norma.

“1. En el ejercicio de la iniciativa legislativa y la potestad reglamentaria, las Administraciones Públicas actuarán de acuerdo con los principios de necesidad, eficacia, proporcionalidad, seguridad jurídica, transparencia, y eficiencia. En la exposición de motivos o en el preámbulo, según se trate, respectivamente, de anteproyectos de ley o de proyectos de reglamento, quedará suficientemente justificada su adecuación a dichos principios.

2. En virtud de los principios de necesidad y eficacia, la iniciativa normativa debe estar justificada por una razón de interés general, basarse en una identificación clara de los fines perseguidos y ser el instrumento más adecuado para garantizar su consecución.

3. En virtud del principio de proporcionalidad, la iniciativa que se proponga deberá contener la regulación imprescindible para atender la necesidad a cubrir con la norma, tras constatar que no existen otras medidas menos restrictivas de derechos, o que impongan menos obligaciones a los destinatarios.

4. A fin de garantizar el principio de seguridad jurídica, la iniciativa normativa se ejercerá de manera coherente con el resto del ordenamiento jurídico, nacional y de la Unión Europea, para generar un marco normativo estable, predecible, integrado, claro y de certidumbre, que facilite su conocimiento y comprensión y, en consecuencia, la actuación y toma de decisiones de las personas y empresas.

Cuando en materia de procedimiento administrativo la iniciativa normativa establezca trámites adicionales o distintos a los contemplados en esta Ley, éstos deberán ser justificados atendiendo a la singularidad de la materia o a los fines perseguidos por la propuesta. (...).

5. En aplicación del principio de transparencia, las Administraciones Públicas posibilitarán el acceso sencillo, universal y actualizado a la normativa en vigor y los documentos propios de su proceso de elaboración, en los términos establecidos en el artículo 7 de la Ley 19/2013, de 9 de diciembre, de transparencia, acceso a la información pública y buen gobierno; definirán claramente los objetivos de las iniciativas normativas y su justificación en el preámbulo o exposición de motivos; y posibilitarán que los potenciales destinatarios tengan una participación activa en la elaboración de las normas.

6. En aplicación del principio de eficiencia, la iniciativa normativa debe evitar cargas administrativas innecesarias o accesorias y racionalizar, en su aplicación, la gestión de los recursos públicos.

7. Cuando la iniciativa normativa afecte a los gastos o ingresos públicos presentes o futuros, se deberán cuantificar y valorar sus repercusiones y efectos, y supeditarse al cumplimiento de los principios de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financiera.”



II. Relación de regulamentos e ordenanzas obxecto de revisión e modificación (Dispo. Final Quinta Lei 39/2015).

- REGULAMENTO ORGANICO MUNICIPAL (ROM)
- ORDENANZA REGULADORA DA ADMINISTRACIÓN ELECTRÓNICA MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME
- REGULAMENTO ORGÁNICO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ

III. Relación de regulamentos/ordenanzas de nova creación.

-ORDENANZA UNICA DE REGULACION INTEGRADA DO EXERCICIO DE ACTIVIDADES ECONOMICAS E APERTURA DE ESTABLECEMENTOS PUBLICOS (artigo 4.1 do Decreto 144/2016, de 22 de setembro,DOG 9/11/2016).

- ORDENANZA REGULADORA DE COMUNICACIONES PREVIAS DE OBRAS (Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e competitividade de Galicia, e Decreto 143/2016 do 22 de setembro, regulamento de desenvolvemento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro do solo de Galicia).

- ORDENANZA REGULADORA DA INSPECCION TECNICA DE EDIFICIOS (Lei 8/2013, de 26 de xuño, de rehabilitación, rexeneración e renovación urbanas)

- ORDENANZA DE TRANSPARENCIA E ACCESO A INFORMACION (Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno).

IV. Programación temporal estimada de execución do Plan.

1.Primeiro trimestre de 2017: Fase de revisión de regulamentos/ordenanzas existentes e de estudo previo dos novos regulamentos/ordenanzas a aprobar.

2.Segundo trimestre de 2017: Fase de redacción de proxectos de ordenanzas/regulamentos.

3.Terceiro trimestre de 2017: Fase de consulta pública (participación cidadá) dos proxectos de ordenanza/regulamentos e redacción dos textos definitivos.

4.Cuarto trimestre de 2017: Fase de aprobación (inicial, exposición pública, e definitiva) e publicación dos regulamentos/ordenanzas.

A correcta execución material do Plan requirirá a creación dunha comisión técnica de empregados/as públicos/as das distintas áreas municipais que leven a cabo de forma coordinada os distintos traballos necesarios para a elaboración dos novos textos de ordenanzas/regulamentos e revisión dos existentes, propoñendo igualmente a adaptación dos procedementos e protocolos de traballo aos novos requirimentos da nova normativa vixente.

A creación e composición da Comisión técnica de empregados públicos será competencia da Alcaldía, previa habilitación por medio do presente acordo Plenario

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo aos distintos departamentos municipais afectados para a debida programación das actuacións a realizar, de modo que ao longo do ano 2017 poidan estar revisados e modificados os distintos regulamentos e ordenanzas que forma parte do plan normativo, segundo o calendario establecido no punto anterior.

TERCEIRO.- Publicar o plan aprobado no portal de transparencia, na sede electrónica municipal e no taboleiro de edictos para o seu xeral coñecemento.

Asinado dixitalmente polo Alcalde na data indicada na marxe."

Non habendo intervencións e sometido o asunto a votación, queda **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita **por 4 votos a favor** dos

concelleiros/as do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dña. Silvia Fornos Permuy, Dña. Marta Pico Machado, e **3 abstencións** do resto dos señores e señoras concelleiros/as do PP (2): Dña. M^a Carmen Piñeiro Varela, Dña. Ascensión María de Vicente Olarte, e do BNG-AA(1): D. Jorge Serafín Allegue Freire, >>

A Presidencia abre a quenda para o debate indicando que, tal e como dixo na Comisión Informativa, o contido desta proposta non implica que non se vaian modificar outras ordenanzas e así, pide que conste en acta, que é intención do goberno a elaboración doutras ordenanzas, como a de ocupación da vía pública, de convivencia cidadá... ao longo do presente ano, anunciando que en vindeiras semanas se presentarán propostas á oposición.

Toma a palabra D. Francisco Javier Crespo Romeo. O portavoz do PP anuncia o voto favorable á proposta, tendo en conta que se trata dun asunto de obrigado cumprimento, se ben botan en falta no documento a modificación doutras ordenanzas que non se nomean. Entende que por ser o primeiro documento, non está completo e espera que se cumpra o que se recolle na proposta e que, a maiores, se dea solución á problemática que considera, por térselle trasladado, está a sufrir a hostalería eumesa, evitando así posibles agravios.

De seguido intervén Dña. Ana Veira García. A portavoz do BNG-AA di que, evidentemente, hai que cumprir a lei. Sobre as intencións do goberno indica que ten dúbidas, poñendo como exemplo ordenanzas que se prevían no orzamento de 2016 (caixeiro automático, matrimonio civil...) que non están elaboradas na actualidade. Sobre este Plan, di que hai que facelo porque o marca a lei, e considera que se debe marcar unha ampliación das que se recollen na proposta. Conclúe a súa intervención recordando as prometidas e non cumpridas.

Pecha o debate o Sr. Presidente que di que, entendendo o que se comenta, foi por falla de tempo dos técnicos, se ben esa era a intención do goberno, facendo referencia a ordenanzas que hai entre 15 e 30 anos que non se modificaron, en alusión a que non foron modificadas por gobernos anteriores, pedindo ao PP "paciencia" ante un traballo que eles non fixeron. Di que non se trata de falla de vontade do goberno e que se tramitarán as modificacións, que se tratarán de consensuar, para que teñan máis tempo de vixencia e sexan asumidas por todos os gobernos, governe quen governe, ao longo deste ano.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando adoptado **por UNANIMIDADE** dos/as concelleiros/as presentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o seguinte "Plan normativo municipal para o ano 2017" que contén todos os regulamentos e ordenanzas de nova creación e os que serán obxecto de revisión e modificación (total ou parcial) ao longo do ano 2017 para adaptalos aos requirimentos da nova Lei de procedemento administrativo e da normativa sectorial específica de aplicación en cada caso.

"PLAN NORMATIVO MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O ANO 2017

ÍNDICE:

- I. Exposición de motivos.**
- II. Relación de regulamentos e ordenanzas obxecto de revisión e modificación.**
- III. Relación de regulamentos/ordenanzas de nova creación.**
- IV. Programación temporal estimada de execución do plan.**

I. Exposición de motivos.

O Artigo 132 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, que entrou en vigor o pasado 2 de outubro de 2016, establece a obriga para todas as administracións públicas de aprobar anualmente e publicar no portal de



transparencia un “plan normativo” que conteña todas as iniciativas normativas que se pretendan aprobar no ano seguinte:

“Artículo 132. Planificación normativa.

1. Anualmente, las Administraciones Públicas harán público un Plan Normativo que contendrá las iniciativas legales o reglamentarias que vayan a ser elevadas para su aprobación en el año siguiente.

2. Una vez aprobado, el Plan Anual Normativo se publicará en el Portal de la Transparencia de la Administración Pública correspondiente.”

Título xurídico: Cesión gratuita por medio de convenio de colaboración asinado coa Archidiócese de Santiago de Compostela en data 29 de abril de 2016 para adicar o inmovible exclusivamente a Albergue de Peregrinos cunha vixencia ata o 31 de decembro de 2046

Escritura pública de data 29 de abril de 2016 ante o Notario Don Alvar Quintanilla López-Tafall.

Pendiente de valoración económica do ben.

PROPOÑO: Proceder a dar de alta o ben inmovible edificable El Hospitalillo con número de ficha de ben correlativo por cesión do 100 % da propiedade con carácter temporal ata o

31 de decembro de 2046 adicado a uso exclusivo de albergue de peregrinos e segundo os datos xurídicos, económicos, catastrais que obran no expediente e que formarán parte da ficha individual do mesmo.

3.- **ALTA.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á alta de novo ben inmovible titularidade do concello de Ponte deume por compravenda creando ficha correlativa en bens inmovibles edificadas do seguinte:

-Antiga Cámara Agraria Local de Ponte deume.

Edificación situada na Rúa San Miguel, predio de 144 m2 de planta baixa cunha superficie construída de 144 m2

Linda Norte muro de contención da rúa San Miguel

Linda Sur, Rúa San Miguel

Linda Leste Terreo sobranste de dita explanada ou rúa San Miguel

Linda Oeste Terreo sobranste anterior á rúa do Porto.

Construcción de Camara Agraria Local de Ponte deume, edificio de planta baixa de 144 m2

Inscrita no Rexistro da Propiedade de Ponte deume ao tomo 611 Libro 98 folio 221 finca 5.035.

Referencia catastral 7165902NJ6076N0001TJ

Título xurídico: Compra venta á Consellería de Facenda por medio de Decreto da Alcaldía nº 401/2016 de data 20/06/2016

Escritura pública de data 23 de xuño de 2016 ante o Notario Don Alvar Quintanilla López-Tafall.

Valoración económica: 62.271,13 euros.

PROPOÑO: Proceder a dar de alta o ben inmovible edificable Antiga Cámara Agraria Local de Ponte deume con número de ficha de ben correlativo por compravenda da Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, e segundo os datos xurídicos, económicos, catastrais que obran no expediente e que formarán parte da ficha individual do mesmo.

4.- **MODIFICACIÓN.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á constitución de carga sobre ben inmovible titularidade do concello de Ponte deume por concesión demanial anotando na ficha correspondente do ben inmovible edificado seguinte:

-Centro de formación y empleo: 1INM06900011

Edificación situada na Rúa Ricardo Sánchez nº 6. Ponte deume.

Cargas: Concesión administrativa de uso privativo de ben de dominio público de dous locais de superficie total de 48.66 metros cadrados no primeiro andar do edificio municipal do centro de formación e emprego de Ponte deume a favor da Xunta de Galicia. Vinculada a instalación das oficinas da consellería de Medio Rural no termo municipal de Ponte deume.

Duración: 75 anos contados a partir do día seguinte á formalización en documento administrativo elevado a documento público, esto é comenza o 24 de xuño de 2016 e remata o 23 de xuño de 2091.

Data de formalización: 23 de xuño de 2016

Escritura pública de data 23 de xuño de 2016 ante o Notario Don Alvar Quintanilla López-Tafall.

Protocolo notarial 1189.

Solicitada a inscrición no Rexistro da Propiedade de Ponte deume en data 25/108/2016 Asiento 173 Diario 77.

Referencia catastral 7564801NJ6076S0001QW

Título xurídico: Concesión demanial formalizada en documento administrativo de data 23.06.2016

Valoración económica: 17.421,25 euros.

PROPOÑO: Proceder a modificación da ficha do ben inmovible edificado Centro de formación y empleo: 1INM06900011, rectificando o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á constitución de carga sobre ben inmovible titularidade do concello de Ponte deume por concesión demanial concedida á Xunta de Galicia, segundo os datos xurídicos, económicos, catastrais que obran no expediente e que formarán parte da ficha individual do mesmo.



5.- **MODIFICACIÓN.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á advertido erro no nomenclátor da rúa de ubicación do seguinte ben inmovible edificado:

-Biblioteca municipal A Cátedra: 1INM06900004

Edificación situada na Rúa Couceiro Freijomil. Pontedeume. (en lugar de Couceiro Freire anotado)

Lindero Norte: Calle Couceiro Freijomil (en lugar de Couceiro Freire anotado)

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha Biblioteca municipal A Cátedra: 1INM06900004 en canto á situación, dirección ou paraje así como lindeiro norte segundo se indica que formarán parte da ficha individual do mesmo.

6.- **MODIFICACIÓN.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos catastrais remitidos pola Dirección Xeral de Catastro en procedemento de alteración de orde físico e económico do seguinte ben inmovible edificado:

-Escola de Boebre: 1INM06900014

Propiedade plena Concello de Pontedeume 100 %

Superficie catastral 370 m2

Valor catastral do solo: 3.170,08 euros

Valor construción: 22.866,61 euros.

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha Escola de Boebre: 1INM06900014 en canto á propiedade catastral, valor e superficie catastral segundo se indica que formarán parte da ficha individual do mesmo.

7.- **MODIFICACIÓN.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos catastrais remitidos pola Dirección Xeral de Catastro en procedemento de alteración de orde físico e económico do seguinte ben inmovible sen edificar:

-Solar Av Doctor Villanueva en Pontedeume: 1INM06900053

Propiedade plena Concello de Pontedeume 100 %

Superficie catastral 80 m2

Valor catastral do solo: 9.024,99 euros

Suelo sen edificar

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha Solar Av Doctor Villanueva en Pontedeume: 1INM06900053 en canto á propiedade catastral, valor e superficie catastral segundo se indica que formarán parte da ficha individual do mesmo.

8.- **MODIFICACIÓN.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos catastrais remitidos pola Dirección Xeral de Catastro en procedemento de rectificación de erros do seguinte ben inmovible de saneamento:

-Depuradora de Cabría: 1RS06900002

Propiedade plena Concello de Pontedeume 100 %

Paraje Cabría Nova. Polígono 009 parcela 807-809-810. Uso Agrario.

Referencia catastral: 15070A0 0900809/807/810 0000WK

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha Depuradora de Cabría: 1RS06900002 en canto á propiedade catastral e referencia catastral segundo se indica que formarán parte da ficha individual do mesmo.

9.- **MODIFICACIÓN.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos obrantes no servizo de contratación entregados para anotación no Inventario de bens municipais do seguinte ben inmovible sen edificar:

-Rúa do Porto de Pontedeume: 1VIA0690023875

Inversión: 37.000.00 euros.

Valor total: 49.014.44 euros

Data: Acta de recepción de data 3 de marzo de 2016.

Descripción: Reparación pavimentación Rúa do Porto-Estrada Deputación.

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha Rúa do Porto de Ponte deume: 1VIA0690023875 en canto á inversión e valor total segundo se indica que formarán parte da ficha individual do mesmo.

10.- **MODIFICACIÓN.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos obrantes no servizo de contratación entregados para anotación no Inventario de bens municipais do seguinte ben inmovible sen edificar:

-Xardíns de Lombardero: 1INM06900068

Inversión: 17.470,81 euros.

Data: Acta de recepción de data 22 de marzo de 2016.

Descripción: Actuacións no Xardín de Lombardero.

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha Xardíns de Lombardero: 1INM06900068 en canto á inversión e valor total segundo se indica, que formarán parte da ficha individual do mesmo.

11.- **MODIFICACIÓN.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos obrantes no servizo de contratación entregados para anotación no Inventario de bens municipais do seguinte ben inmovible de saneamento:

Lavadoiro e Fonte en Curío Boebre.- 1RS0690000017

Inversión: 6.012,86 euros.

Data: Acta de recepción de data 22 de abril de 2016.

Descripción: **Reparación de Fontes Lavadoiro en Curío, Vista Alegre e Barreiro.**

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha Lavadoiro e Fonte en Curío Boebre.- 1RS0690000017 en canto á inversión, fotografía, e valor total segundo se indica, que formarán parte da ficha individual do mesmo.

12.- **MODIFICACIÓN.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos obrantes no servizo de contratación entregados para anotación no Inventario de bens municipais do seguinte ben inmovible de saneamento:

Lavadoiro e Fonte en Vista Alegre Vilar.- 1RS0690000025

Inversión total: 1.777.00 euros.

Data: Acta de recepción de data 22 de abril de 2016.

Descripción: **Reparación de Fontes Lavadoiro en Curío, Vista Alegre e Barreiro.**

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha Lavadoiro e Fonte en Vista Alegre Vilar.- 1RS0690000025 en canto á inversión, fotografía, e valor total segundo se indica, que formarán parte da ficha individual do mesmo.

13.- **MODIFICACIÓN.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos obrantes no servizo de contratación entregados para anotación no Inventario de bens municipais do seguinte ben inmovible de saneamento:

Lavadoiro e Fonte en Barreiro Andrade.- 1RS0690000012

Inversión total: 1.823.02 euros.

Data: Acta de recepción de data 22 de abril de 2016.

Descripción: **Reparación de Fontes Lavadoiro en Curío, Vista Alegre e Barreiro.**

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha Lavadoiro e Fonte en Barreiro Andrade.- 1RS0690000012 en canto á inversión, fotografía, e valor total segundo se indica, que formarán parte da ficha individual do mesmo.



14.- **MODIFICACIÓN.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos obrantes no servizo de contratación entregados para anotación no Inventario de bens municipais do seguinte ben inmovible vía pública:

Rúa Fontenova de Pontedeume.- 1VIA0690023858

Inversión: 29.897,52 euros.

Valor total: 49.895,74 euros

Data: Acta de recepción de data 21 de xuño de 2016.

Descrición: Pavimentación rúa Fontenova.

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha Rúa Fontenova de Pontedeume.- 1VIA0690023858 en canto á inversión e valor total segundo se indica, que formarán parte da ficha individual do mesmo.

15.- **MODIFICACIÓN.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos obrantes no servizo de contratación entregados para anotación no Inventario de bens municipais do seguinte ben inmovible vía pública:

Rúa BF Pontedeume.- 1VIA0690042923

Inversión: 20.681,82 euros.

Valor total: 23.908,47 euros

Data: Acta de recepción de data 21 de xuño de 2016.

Descrición: Pavimentación en Urbanización Olmo, Avda. Castela.

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha Rúa BF Pontedeume.- 1VIA0690042923 en canto á inversión e valor total segundo se indica, que formarán parte da ficha individual do mesmo.

16.- **MODIFICACIÓN.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos obrantes no servizo de contratación entregados para anotación no Inventario de bens municipais do seguinte ben inmovible vía pública:

Rua O de Regueira.- 1VIA0690023651

O Chao a Riolongo.- 1VIA0690022254

Inversión: 29.897,52 euros.

Data: Acta de recepción de data 22 de xuño de 2016.

Descrición: Pavimentación de estrada vella- entronque N-651 (Andrade), entorno de Nogueirosa e Sobreancho en Bouzalonga (Ombre)

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha Rua O de Regueira.- 1VIA0690023651 e O Chao a Riolongo.- 1VIA0690022254 en canto á inversión, valor e data segundo se indica, que formarán parte da ficha individual do mesmo.

17.- **MODIFICACIÓN.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos obrantes no servizo de contratación entregados para anotación no Inventario de bens municipais do seguinte ben inmovible vía pública:

De CP-6902 (Chao de Ombre) a Porto Carral.- 1VIA0690037288.

De O Chao a Riolongo.- 1VIA0690022250.

De O Chao a Riolongo.- 1VIA0690022253.

De CP-5005 a 069-038.- 1VIA0690022272.

De CP-5005 a 069-038.- 1VIA0690022273.

Inversión: 28.323,97 euros.

Data: Acta de recepción de data 11 de outubro de 2016.

Descrición: Mellora de Camiños de Chao de Ombre e Alvite.

PROPOÑO: Proceder a modificar as fichas De CP-6902 (Chao de Ombre) a Porto Carral.- 1VIA0690037288. De O Chao a Riolongo.- 1VIA0690022250. De O Chao a Riolongo.- 1VIA0690022253. De CP-5005 a 069-038.- 1VIA0690022272. De CP-5005 a 069-038.- 1VIA0690022273 en canto á data de inversión e valor total segundo se indica, que formarán parte da ficha individual dos mesmos.

18.- **MODIFICACIÓN.** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos obrantes no servizo de contratación entregados para anotación no Inventario de bens municipais do seguinte ben inmovible edificado:

Campo de Fútbol.- 1NIM06900005

Inversión: 14.300,00 euros.

Data: Acta de recepción de data 11 de outubro de 2016.

Descrición: Instalación solar térmica no campo de fútbol de A Gándara. Ponte deume

Observacións: O resto do inmovible, [referido á parte non cedida pola Sociedade deportiva Eumesa], é unha concesión administrativa do ente administrativo "Portos de Galicia", con vencimiento o 15.12.2027 según Resolución do organismo concedente de data 18.04.2016, correspondiente á parcela catastral 8261303NJ6086S0001ZY, modificando así a vixencia da concesión administrativa do 15.12.2022 ata o indicado 15.12.2027.

PROPOÑO: Proceder a modificar a ficha Campo de Fútbol.- 1NIM06900005 en canto á inversión, data, descrición, e en observacións segundo se indica, que formarán parte da ficha individual do mesmo.

19.- **ALTA:** Rectificar o acordo adoptado polo Pleno corporativo en data 16.12.2015 en canto á datos obrantes no servizo de contratación entregados para anotación no Inventario de bens municipais do seguinte alumbrado público

**INVENTARIO DE ALUMBRADO PÚBLICO. EPÍGRAFE 1
SUSTITUCIÓN DE ALUMBRADO PÚBLICO DE ESTEIRO.
16 PUNTOS DE LUZ
VALORACIÓN 5.546.65 EUROS**

2.- BENS MOBLES.

1.- BENS MOBLES. EPÍGRAFE 7:

ALTA: Colección numismática de 108 moedas nacionais de curso legal

Cedente/Propietaria: Dona María Ascensión Fernández Fernández

Título: Préstamo de uso temporal, Comodato, por 8 anos contados a partir da sinatura do acordo. Posible prórroga mediante acordo expreso.

SEN VALORACIÓN.

2.- BENS MOBLES. EPÍGRAFE 7:

ALTA: Terminales TETRA portátiles Gama alta marca SEPURA. MODELO STP9038. Nº serie 2PNA01528G8L2T1 TEI 000190332874370

Cedente: Dirección Xeral de Emerxencias e Interior.

Título: Acordo de data 23.05.2016 da Vicepresidencia e consellería de presidencia administración públicas e xustiza e os concellos asinantes para a cesión en propiedade de terminais de radiocomunicación para o acceso aos servizos da rede corporativa de comunicación móbiles dixitais de emerxencias e seguridade de Galicia.

SEN VALORACIÓN.

3.- BENS MOBLES. EPÍGRAFE 7:

ALTA: Pértega e elementos accesorios destinados a labores de retirada de niños de vespa velutina.

Cedente: Consellería de medio rural

Título: Propiedade, acordo de data 3 de xuño de 2016 de Consellería de medio rural para a cesión ao concello de Ponte deume de material, pértega e elementos accesorios, destinado ao desenvolvemento do plan de vixilancia e control da vespa velutina en Galicia mediante labores de retirada de niños.

SEN VALORACIÓN.

4.- BENS MOBLES. EPÍGRAFE 7:

ALTA: 7 CONTENEDORES PARA RECOLLIDA DE ACEITE DE COCIÑA USADO

CEDENTE: PROCESADORA GALLEGA DE ALIMENTOS SL



TÍTULO ACORDO DE CESIÓN DE USO DE 7 CONTENEDORES PARA RECOLLIDA DE ACEITE DE COCIÑA USADO DE DATA 3 DE MAIO DE 2016.

SEN VALORACIÓN.

5.- VEHÍCULOS. EPÍGRAFE 5.

ALTA: TODOTERRENO PICK UP VOLKSWAGEN AMAROK. MATRÍCULA 1764JKP.

Cedente: Dirección Xeral de emerxencias e Interior.

Título: Propiedade, acordo de data 27 de xaneiro de 2016 de Vicepresidencia e consellería de presidencia administración públicas e xustiza para a cesión ao concello de Pontedeume en propiedade dun equipamento de emerxencias propiedade da CCAA de Galicia a favor do concello de Pontedeume.

SEN VALORACIÓN.

6.- VEHÍCULOS. EPÍGRAFE 5.

MODIFICACIÓN. NISSAN TERRANO 2.7 TDI. MATRÍCULA 3369 CCW.

DESAFECTADO A USO DE PROTECCIÓN CIVIL POR ANTIGÜEDAD

CAMBIO DE USO: USO MUNICIPAL PARA DEPARTAMENTO DE OBRAS E SERVICIOS

TÍTULO: RESOLUCIÓN DE DATA 28 DE MARZO DE 2016 da Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia e consellería de presidencia administración públicas e xustiza

SEN VALORACIÓN.

SEGUNDA: Tomar razón da alegación presentada por Don Andrés Allegue Tenreiro en relación co Camiño do Lugar de Barral do Medio e dar traslado ao departamento de urbanismo aos efectos da identificación do mesmo co fin de determinar o carácter público e de titularidade municipal no seu caso, e instruir o procedemento administrativo a que houber lugar, previa a inmatriculación solicitada.

TERCEIRA: Aprobar a valoración do inventario de bens conforme ao establecido no Anexo 05. No sentido incluído en cadro adxunto:

CATEGORÍA	VALOR ADQUISICIÓN	VALOR NETO
Inmobles	20.318.631,35 €	18.933905,67 €
Dereitos Reais	1.293.947,38 €	1.251.960,70 €
Mobles de carácter histórico-artístico ou de considerable valor económico	0 €	0 €
Valores mobiliarios, créditos e dereitos de carácter persoal da corporación	0 €	0 €
Vehículos	478.439,93 €*	146.185,22 €*
Semoventes	0 €	0 €
Mobles non comprendidos nos anteriores enunciados	371.205,82 €**	3.234,77 €**
Bens e dereitos reversibles	0 €	0 €
TOTAL 22.224.643,43 €		20.097.705,31 €

***PENDIENTE DE INCORPORAR VALORACIÓN ECONÓMICA DE VEHÍCULOS DE ALTA EN 2016.**

**** PENDIENTE DE INCORPORAR VALORACIÓN ECONÓMICA DE BENS MOBLES DE ALTA EN 2016.**

INVERSIÓN APLICADA A RECTIFICACIÓN 2016: + 237.581,05 EUROS. SEN APLICAR AMORTIZACIÓNS ANUAIS POR FALTA DE VALORACIÓN.

CUARTA. Remitir copia íntegra do mesmo á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma.

FÓRA DA ORDE DO DÍA

O Alcalde propón a inclusión do asunto seguinte na orde do día

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO EXISTENTE NA ZONA PORTUARIA DE PONTEDEUME

Recibida polas persoas membro do Pleno, copia da proposta, que se transcribe no seu literal:

"PROPOSTA DE ACORDO

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO EXISTENTE NA ZONA PORTUARIA DE PONTEDEUME.

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME, (A CORUÑA).

Tendo en conta as deficiencias detectadas pola empresa Viaqua, así como por membros da Confraría de Pescadores respecto ao colector xeral de abastecemento que foron trasladadas por esta Alcaldía co fin de adoptar as medidas necesarias para levar a cabo as obras que se recollen no expediente que ascenden á cantidade de 2.442,83 euros.

Visto o Presupuesto da empresa Viaqua de data 20.07.2016 e o documento de retención de crédito de data 21/08/2016 por importe de 2.442,83 euros.

Recibido borrador de convenio de colaboración entre Portos de Galicia e o concello de Ponte deume con data 28/11/2016 (RE nº 20160000008187) para a execución da obra de mellora da rede de saneamento existente na zona portuaria de Ponte deume, para o coñecemento desta Alcaldía e para prestar conformidade por medio do órgano competente.

Visto o informe xurídico do Técnico de Administración Xeral de data 12 de decembro de 2016.

Visto o informe de Intervención de data 28.12.2016.

Considerando a lexislación aplicable:

-Ley 7/1985, de 2 de abril, reguladora de las Bases del Régimen Local

-Ley 5/1997, de 22 de julio, reguladora de la Administración Local de Galicia

-Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración Local

-Ley 5/2014, de 27 de mayo, de medidas urgentes derivadas de la entrada en vigor de la Ley 27/2013, de 27 de diciembre, de racionalización y sostenibilidad de la Administración local

-Ley 39/2015, de 1 de octubre, del Procedimiento Administrativo Común de las Administraciones Públicas.

-Ley 40/2015, de 1 de octubre, de Régimen Jurídico del Sector Público

-Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales



-Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de noviembre, por el que se aprueba el texto refundido de la Ley de Contratos del Sector Público

Tendo en conta que a lei 40/2015, regula pormenorizadamente no seu Título VI (artigos 47 a 53) a figura dos Convenios, á espera do que suceda na tramitación dos recursos de inconstitucionalidade núm. 3774-2016 e nº 3903-2016, e atendendo ao establecido no Informe xurídico e tendo en conta o establecido no informe de intervención.

Proponse ao Pleno, a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- *Aprobar o “CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO EXISTENTE NA ZONA PORTUARIA DE PONTEDEUME”, cuxo texto se incorpora ao expediente.*

SEGUNDO.- *Facultar ao Sr. Alcalde do concello de Pontedeume para a sinatura do convenio ao que se lle da aprobación e demais trámites e xestións que deste se deriven.*

TERCEIRO.- *Dar traslado do presente acordo a Portos de Galicia, da Consellería do Mar da Xunta de Galicia aos efectos oportunos.*

*Pontedeume, a 28 de decembro de 2016
O Alcalde,
D. Bernardo Fernández Piñeiro”*

A Presidencia abre unha quenda de intervencións, explicando que se trata de dar solución á problemática xerada por un erro na conexión das conducións, que se trata dunha obra pequena para a que se ten solicitado autorización, se ben dende “Portos” se dixó que se ten que asinar un convenio; que este convenio, unha vez analizado o seu contido, presentaba unha serie de discrepancias ao respecto das obrigas do concello co investimento realizado, polo que se suprimiu unha cláusula, que computaba o custo e conservación ao concello, e finalmente, farase a obra e entregárase a Portos. Fai referencia á necesidade de acometer a actuación á maior urxencia xa que inflúe na contaminación do banco marisqueiro, problemática que foi trasladada ao Concello no mes de xullo.

Concluídas as intervencións, sométese a votación a ratificación da urxencia e a inclusión do asunto na orde do día, quedando **RATIFICADA A URXENCIA** e a **INCLUSIÓN DO ASUNTO NA ORDE DO DÍA** por **UNANIMIDADE** das e dos membros presentes.

A Presidencia abre unha quenda de intervencións.

Intervén en primeiro lugar a portavoz do BNG-AA. Dña. Ana Veira García, quen asume como correcto o que se ten enviado. Dito isto, fai referencia aos prazos entre que o documento tivo entrada no rexistro, o 28/11, e a data na que se trasladan as discrepancias a “Portos”, o 28/12, para contrastar tempos, argumentando que os tempos son “máis curtos” para outras cousas.

Dende a Presidencia, D. Bernardo Fernández Piñeiro matiza que non é que leve un mes a tramitación do asunto, se non que se tivo detectado a discrepancia ao remitir o expediente á intervención municipal para o seu informe e tramitación para a Comisión Informativa, xa que, xurídicamente non se tivo detectado inconviniente.

D. Francisco Javier Crespo Romeo, portavoz do PP apunta á existencia dun proxecto na fachada marítima que está a punto de comezar.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que, ou se soluciona este problema ou pecha o banco marisqueiro. Sobre a outra obra, considera que estará executada no 2018. Indica que o lugar onde se vai facer a obra é xusto destrás do vulgado, na esquina, na conexión ao colector xeral, non no propio colector xeral. Di que os tempos corren en contra dos intereses da Confraría, polo que hai que facela xa.

Intervén D. Francisco Javier Crespo Romeo e pregunta o por que o Concello asume a reparación de algo que se fixo mal, indicando que cando hai unha obra mal realizada, pode haber unha responsabilidade da empresa, coa que ten contactado e onde se lle dixo que a obra se realizou conforme ás indicacións dadas dende a empresa municipal de auga. Fai referencia á posibilidade de reclamar á empresa (por vicio oculto) e que asuma os erros, intentando non gastar os cartos dos contribuíntes.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que lle resulta curiosa a intervención do portavoz do PP, que considera ten responsabilidade política no asunto. Indica que reclamar vai levar moito tempo e pregunta ao Sr. Crespo Romeo se asumiría o peche do banco marisqueiro; que o que fai o Concello é asumir ese investimento e indica que o contrato coa empresa municipal da auga establece que asume reparacións, non isto. Considera que a reclamación á empresa pode vir despois, repercutíndolle os custos.

D. Francisco Javier Crespo Romeo aclara que el non di que non se faga a obra, se non que se teña en conta a posibilidade de reclamar.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando adoptado **por UNANIMIDADE** dos/as concelleiros/as presentes o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO DE PONTEDEUME PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE MELLORA DA REDE DE SANEAMENTO EXISTENTE NA ZONA PORTUARIA DE PONTEDEUME", cuxo texto se incorpora ao expediente.

SEGUNDO.- Facultar ao Sr. Alcalde do concello de Ponte deume para a sinatura do convenio ao que se lle da aprobación e demais trámites e xestións que deste se deriven.

TERCEIRO.- Dar traslado do presente acordo a Portos de Galicia, da Consellería do Mar da Xunta de Galicia aos efectos oportunos.

6.- ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME ANO 2017.

Recibido polas persoas membro do Pleno, copia do ditame da Comisión Informativa, que se transcribe no seu literal:

"DITAME COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE Comisión Informativa Especial de Contas

SESIÓN: Ordinaria DE DATA luns 26 de decembro de 2016

EXPDTE: 2016/G012/000005

Sesión nº: 10/2015-2019

2.- ORZAMENTO XERAL CONCELLO DE PONTEDEUME ANO 2017

O Secretario-Accidental da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:



“PROPOSTA Á COMISIÓN INFORMATIVA ASUNTOS ECÓNICOS E FACENDA

Esta Concellería Delegada de Facenda formula á Comisión Informativa Especial de Contas a seguinte PROPOSTA DE DITAME:

Visto o proxecto de Orzamento Xeral para o exercicio de 2017, que inclúe o Orzamento Municipal.

Tendo en conta que a súa estrutura orzamentaria axústase ás normas contidas na Orde HAP/419/2014, de 14 de marzo pola que se modifica a Orde EHA/3565/2008, de 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais; que no Estado de ingresos, recolléronse previsións razoables dos ingresos que se prevén liquidar, e no Estado de Gastos, os créditos necesarios para atender as obrigacións esixibles ás respectivas Corporacións; que se formou o Orzamento Xeral con toda a documentación prevista na lexislación vixente e que non existe déficit inicial.

Vista a proposta de Persoal comprensivo da totalidade dos postos de traballo reservados a funcionarios e persoal laboral.

De conformidade cos artigos 168.4 e 5 do TRLHL e 90 da Lei 7/1985 Reguladora das Bases de Réxime Local

Proponse a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral da Corporación, que ascende a un importe de SETE MILLONS CINCUENTA E TRES MIL CUARENTA E TRES EUROS E TRINTA E SETE CÉNTIMOS (7.953.043,37€) no Estado de Gastos e SETE MILLONS CINCUENTA E TRES MIL CUARENTA E TRES EUROS E TRINTA E SETE CÉNTIMOS (7.953.043,37€) no Estado de Ingresos, segundo o seguinte detalle:

CLASIFICACIÓN ECONOMICA INGRESOS

CAPÍTULO	DESCRICIÓN	TOTAIS
	Operacións correntes	
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.135.297,67€
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	246.000,00€
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.917.230,26€
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.818.905,03€
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	2.300,00€
	Total Operacións Correntes	7.119.732,96€
	Operacións de capital	
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00€
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	823.310,41€
8	ACTIVOS FINANCEIROS	10.000,00€
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00€
	Total Operacións de Capital	833.310,41€
	TOTAL XERAL	7.953.043,37€

CLASIFICACIÓN ECONOMICA GASTOS

CAPÍTULO	DESCRICIÓN	TOTAIS
----------	------------	--------

Operacións correntes		
1	GASTOS PERSOAL	2.756.902,66€
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVIZOS	3.070.143,58€
3	GASTOS FINANCEIROS	100,00€
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	606.926,24€
	Total Operacións Correntes	6.434.072,48€
Operacións de capital		
6	INVESTIMENTOS REAIS	1.508.970,89€
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00€
8	ACTIVOS FINANCEIROS	10.000,00€
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00€
	Total Operacións de Capital	1.518.970,89€
	TOTAL XERAL	7.953.043,37€

SEGUNDO.- Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral para 2017 que figura no expediente

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento para o ano 2017.

CUARTO.- Expoñer ao Público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días, durante os cales, os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno, estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de que non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública considerárase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral para o ano 2017.

Non obstante, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Ponte deume, mércores 21 de decembro de 2016 asinado dixitalmente polo Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

Detectado un erro material de transcripción no importe do orzamento recollido, en letra, no punto primeiro da proposta de acordo, sométese o asunto a votación, quedando **DITAMINADO FAVORABLEMENTE por 4 votos a favor** dos concelleiros e concelleiras do PSOE: D. Pedro Amado Sanmartín, D. José Simoes Couceiro, Dna. Marta Pico Machado, Dna. Silvia Fornos Permuy, e **3 abstencións** do resto dos señores/as concelleiros do PP (2): Dna. Ascensión de Vicente Olarte., D. Francisco Javier Crespo Romeo, e do BNG-AA (1): D. Jorge Serafín Allegue Freire, o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral da Corporación, que ascende a un importe de SETE MILLONS NOVECENTOS CINCUENTA E TRES MIL CUARENTA E TRES EUROS E TRINTA E SETE CÉNTIMOS (7.953.043,37€) no Estado de Gastos e SETE MILLONS NOVECENTOS CINCUENTA E TRES MIL CUARENTA E TRES EUROS E TRINTA E SETE CÉNTIMOS (7.953.043,37€) no Estado de Ingresos, segundo o seguinte detalle:

CLASIFICACIÓN ECONOMICA INGRESOS

CAPÍTULO	DESCRICIÓN	TOTAIS
	Operacións correntes	
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.135.297,67€



2	IMPOSTOS INDIRECTOS	246.000,00€
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.917.230,26€
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.818.905,03€
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	2.300,00€
	Total Operacións Correntes	7.119.732,96€
	Operacións de capital	
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00€
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	823.310,41€
8	ACTIVOS FINANCEIROS	10.000,00€
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00€
	Total Operacións de Capital	833.310,41€
	TOTAL XERAL	7.953.043,37€

CLASIFICACIÓN ECONOMICA GASTOS

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	TOTAIS
	Operacións correntes	
1	GASTOS PERSOAL	2.756.902,66€
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	3.070.143,58€
3	GASTOS FINANCEIROS	100,00€
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	606.926,24€
	Total Operacións Correntes	6.434.072,48€
	Operacións de capital	
6	INVESTIMENTOS REAIS	1.508.970,89€
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00€
8	ACTIVOS FINANCEIROS	10.000,00€
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00€
	Total Operacións de Capital	1.518.970,89€
	TOTAL XERAL	7.953.043,37€

SEGUNDO.- Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral para 2017 que figura no expediente

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento para o ano 2017.

CUARTO.- Expoñer ao Público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días, durante os cales, os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno, estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de que non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública considerarase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral para o ano 2017."

A Presidencia abre a quenda para o debate, xustificando a tardanza da presentación do Orzamento por estar agardando polo Plan Único da Deputación. Di que na mesma situación se atopaban o 99% dos concellos da provincia. De seguido, da conta do contido do Orzamento, que se incrementa aproximadamente nun 20,3% ao respecto de 2016, e que recolle as consignacións necesarias para facer fronte á obra do mercado, á nova escola infantil, recollendo a maiores os fondos consignados polo Plan Único, que serán destinados a gasto

corrente podendo así o concello contratar directamente, sen ter que pasar pola tramitación administrativa da Deputación. Fai referencia á inclusión da actuación para a renovación da cuberta do pavillón municipal e a subsanación de deficiencias da dita infraestrutura, como exemplo, en materia eléctrica.

Cualifica o documento como orzamentario como equilibrado e realista, cunha estimación de ingresos real, para o que se tivo en conta a previsión dun incremento de ingresos derivado da aprobación do PXOM, pola liquidación do ICIO, indicando que xa se está a incrementar o volumen de peticións de licenzas e de certificacións urbanísticas; da revisión catastral realizada polo Ministerio de Facenda, a revisión do IAE, pola que "Leite Celta" xa ten ingresado na Caixa da Deputación 570 mil euros, incrementándose o ingreso desta empresa por este contido.

Considera que se trata duns Orzamentos ambiciosos, en tanto que tratan de satisfacer as necesidades da veciñanza sen incrementar as taxas, e orientados a dar solución a moitos problemas de moitos anos atrás que non foron solventados e facendo fincapé en que os recursos son os que son; que se manteñen propostas novedosas como son os orzamentos participativos, o programa de madrugadores..., incrementándose outras partidas, poñendo como exemplo o servizo de atención a domicilio, as axudas de emerxencia social....

Da conta de que o orzamento recolle a contratación dun estudo de mercado e de marca en beneficio do comercio eumés, de cara á apertura do mercado municipal.

Fai referencia a outras partidas que indica teñen carácter "aberto" e pon como exemplo a pavimentación e reparación de viais públicos no rural. Di que se escoitarán as propostas dos grupos da oposición. Cita unha partida para a creación dunha nova páxina web, para a substitución do segundo tramo da conducción de auga de "Cabria", cualificando esta actuación como necesarie e imprescindible polo volume das roturas que afectan a un importante número de veciños e veciñas. A celebración de festas interparroquais, como unha forma de facer vila e medio de confraternización entre os veciños e veciñas, ocupan partidas que o Sr. Alcalde define como novedosas, así como a celebración dunha festa infantil entre todas, proposta que indica, tivo moi boa acollida.

Fai referencia tamén ao crédito reservado para o posible alugueiro dun camión do lixo ante a previsión de que o existente non "pasara" a ITV e non tivera arranxo; ao concurso para a contratación de atención do Torreón e do Castelo de Andrade, atención que se ampliou aos fines de semana; a colaboración co comercio cun curso de escaparatismo; reparación das lousas do paseo marítimo...;

Di que se manteñen as partidas para a conservación de parques e xardíns, entendendo que se debe de mellorar a imaxe de Ponte deume como potencia turística, tendo en conta que é unha vila que vive do sector servizos e que por tanto, terá unha repercusión positiva na economía local.

Nomea a regularización, con este orzamento, das aportacións á agrupación de voluntarios de protección civil polas labores que realiza (retirada de vespa velutina...), mediante a consignación de fondos para a concesión dunha subvención nominativa, traballos realizados por persoas voluntarias para coas que amosa o seu agradecemento.

Ao tempo, cita tamén a regularización da situación do "armero" da policía local, que non existe e é obrigatorio.

Indica que se produce un incremento nalgunha das subvencións nominativas, tendo en conta as actividades que realizan, como é o caso do Castelo Folk.

O Sr. Alcalde conclúe a súa intervención dicindo que o Concello aposta pola promoción económica e o emprego, cuxas políticas durante o último ano derivaron na contratación de 24



persoas a través dos distintos plans, que segundo indica, permitiron que 24 veciños/as traballasen e polo tanto, percibisen ingresos.

De seguido, abre a quenda para o debate.

Toma a palabra en primeiro lugar o portavoz do Grupo Municipal do PP. D. Francisco Javier Crespo Romeo, anunciando unha intervención breve, considera este orzamento de total falta de transparencia, de ocultismo e de dicir non ao consenso e á participación. Fai referencia ao pouco tempo para poder velo, dicindo que se lles achegou o documento catro días antes de se celebrar o Pleno e que o documento en cuestión require de semanas de estudo. Considera que o orzamento debe reflexar as necesidades dos veciños e veciñas. Conclúe anunciando a abstención do seu grupo á proposta de acordo.

De seguido intervén Dña. Ana Veira García. A portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA recorda que o anterior orzamento contou coa aprobación do seu grupo, non por estar dacordo, se non para poner as pedras para que se fixera un bo camino e indica que non significa que se vaia facer sempre, sobre todo cando hai actuacións criticables, como é o caso. Fai referencia ao prazo empregado para a revisión dun convenio polos técnicos (en alusión ao convenio de portos aprobado anteriormente) para contrapoñelo ao tempo que tiveron os grupos da oposición para o estudo do orzamento que hoxe se somete a aprobación.

A Sra. Veira García continúa a súa intervención indicando que o Concello de Pontedeume vai iniciar o ano cuns orzamentos prorrogados, o que non sucede noutros concellos. Di que a participación e o consenso tería sido xuntarse cos axentes sociais, grupos municipais..., para tratar de facer un traballo en común, o que considera que ao goberno municipal non lle interesa e que polo tanto non lle poden botar a culpa ao Plan da Deputación.

No que respecta ás formas, a portavoz do BNG-AA, cre que houbo certa prepotencia por parte do goberno municipal xa que non se convocou á oposición a ningunha reunión indicando que foi por iniciativa propia, que acudiu ao Concello a falar de certas cousas ao coñecer que co Plan provincial ían desaparecer certas subvencións. Anuncia a abstención do seu grupo ante a proposta como unha abstención crítica, polas fomas de funcionar.

Sobre o contido, contradí a afirmación feita polo Sr. Alcalde de que sexan ingresos reais, xa que se trata dunha estimación de ingresos. Considera que aínda que se produza un incremento, hai unha filosofía de continuismo por parte do goberno municipal e que no documento que se presenta aparecen algunhas cousas igual que no 2016, o que considera que manifesta un incumprimento (contratación da iluminación pública, regularización do contrato con viaqua, incorporación do tesoureiro...), e que había cousas no documento para o pasado exercizo que están sen facer e que non aparecen na proposta actual (ordenanzas de matrimonio civil, caixeiros, cemiterio municipal...).

Indica que hai unha serie de cousas coas que o BNG-AA non está dacordo, citando a externalización de servizos, poñendo como exemplo o SAF, considerando que se unha empresa "quita" beneficio, a prestación do servizo por parte da administración ten que ser rendible, remitíndose ás ideoloxías.

Considera escasa a promoción do comercio no polígono do Vidrieiro, e a promoción cultural, cun escaso orzamento adicado á cultura propia en lingua propia, indicando que depende de como se contratan os traballos e facendo referencia novamente a unha cuestión de ideoloxía.

Di que hai moitas razóns polas que ir en contra do orzamento, se ben considera que o goberno municipal vai ter unha segunda oportunidade e que polo tanto, ao tempo que anuncia a abstención do seu grupo ao documento, pide ao goberno local comunicación e traballo fluído.

Intervén o Sr. Alcalde. D. Bernardo Fernández Piñeiro di que o orzamento estivo a disposición dos concelleiros e concelleiras dende o xoves que se convocou a Comisión Informativa e que por tanto, o prazo para o seu estudo foi dunha semana, que considera suficiente.

De seguido, prodúcese un debate ao respecto dos prazos nos que se entregou o documento e os prazos legais para a aprobación dun orzamento. D. Bernardo Fernández Piñeiro considera pouco serio comparar a tramitación do “convenio” co estudo do orzamento, en alusión á intervención da portavoz do BNG-AA, que de haber interese e unha mínima capacidade de traballo poderíase ter mirado o documento, en alusión á intervención da portavoz do PP, ademais de criticar que o goberno anterior, do que formaban parte os concelleiros do actual Grupo Municipal, non tivera presentado ningún orzamento. Insiste en que o documento leva moitas partidas “abertas” para que se podan facer as oportunas propostas. Defende o documento indicando que recolle partidas económicas perfectamente conformadas e integradas no orzamento e di que non se trasladan intencións, se non actuacións concretas. Sobre o orzamento prorrogado, pregunta á concelleira do BNG o número de concellos da provincia que teñen aprobado o orzamento, á hora de xustificar o retraso, que cualifica como deliberado, por ser necesaria a inclusión dos fondos do Plan provincial no documento. Di que o goberno municipal ten feito dous orzamentos nun mesmo ano (o de 2016 e o de 2017), o que considera que non está nada mal. Fundamenta a realidade dos ingresos estimados ante a existencia de proxectos de legalización moi cuantiosos e resta importancia ao cualificativo de “continuista” do documento, considerando que o orzamento de 2016 foi un bo orzamento. Aclara que a xestión no polígono de Vidrieiro non é competencia do Concello, se non que é de Xestur, indicando que todas as parcelas teñen propietario e que no Plan Xeral xa se contempla a ampliación.

Explica que non se optou por deixar a auditoría enerxética á mesma empresa que fora concesionaria do servizo, e que está pendente a realización da auditoría a Viaqua.

Sobre a incorporación da persoa titular da Tesourería Municipal, o Sr. Alcalde-Presidente indica que se estaba á espera se finalmente se cambiaba a normativa, xa que se está a actuar nese sentido dende o Colexio de Secretarios/as e para o Concello, os custos dun/ha funcionario habilitado non é o mesmo que o doutro funcionario/a. Estase a mirar a posibilidade de acumular o posto con outro concello.

Considera que o Servizo de Axuda no Fogar é imposible asumilo con recursos e a infraestrutura do Concello e fai referencia á privatización de servizos cando o BNG formou parte do goberno local.

Dña. Ana Veria apunta a que a política é un reto e argumenta que os Servizos Públicos son a garantía para que as cousas funcionen ben.

Dende a Presidencia recúrrese á experiencia para contradecir o argumento anterior. De seguido, prodúcese un debate ao respecto das ideoloxías, o factor humano, a xestión dos servizos...//....

[Abandona a sesión D. Francisco Javier Crespo Romeo.]

Pecha o debate o Sr. Alcalde-Presidente, agradecemento a postura dos grupos da oposición ante a proposta, a comprensión e o tono empregados.

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación resultando **ADOPTADO por 6 votos a favor** dos membros do Grupo Municipal do PSdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. Pedro Amado Sanmartín, Dña. Raquel Caruncho Corral, Dña. Marta Pico Machado, D. José Simoes Couceiro e Dña. Yolanda Vázquez Busto, e **5 abstencións** dos membros do



Grupo Municipal do PP(3): María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e D. Andrés Pérez Pérez, e do BNG-AA (2): Dna. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire, o seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o Orzamento Xeral da Corporación, que ascende a un importe de SETE MILLONS NOVECENTOS CINCUENTA E TRES MIL CUARENTA E TRES EUROS E TRINTA E SETE CÉNTIMOS (7.953.043,37€) no Estado de Gastos e SETE MILLONS NOVECENTOS CINCUENTA E TRES MIL CUARENTA E TRES EUROS E TRINTA E SETE CÉNTIMOS (7.953.043,37€) no Estado de Ingresos, segundo o seguinte detalle:

CLASIFICACIÓN ECONOMICA INGRESOS

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	TOTAIS
	Operacións correntes	
1	IMPOSTOS DIRECTOS	2.135.297,67€
2	IMPOSTOS INDIRECTOS	246.000,00€
3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	1.917.230,26€
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	2.818.905,03€
5	INGRESOS PATRIMONIAIS	2.300,00€
	Total Operacións Correntes	7.119.732,96€
	Operacións de capital	
6	ALLEAMENTO DE INVESTIMENTOS REAIS	0,00€
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	823.310,41€
8	ACTIVOS FINANCEIROS	10.000,00€
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00€
	Total Operacións de Capital	833.310,41€
	TOTAL XERAL	7.953.043,37€

CLASIFICACIÓN ECONOMICA GASTOS

CAPÍTULO	DESCRIPCIÓN	TOTAIS
	Operacións correntes	
1	GASTOS PERSOAL	2.756.902,66€
2	GASTOS EN BENS CORRENTES E SERVICIOS	3.070.143,58€
3	GASTOS FINANCEIROS	100,00€
4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	606.926,24€
	Total Operacións Correntes	6.434.072,48€
	Operacións de capital	
6	INVESTIMENTOS REAIS	1.508.970,89€
7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	0,00€
8	ACTIVOS FINANCEIROS	10.000,00€
9	PASIVOS FINANCEIROS	0,00€
	Total Operacións de Capital	1.518.970,89€
	TOTAL XERAL	7.953.043,37€

SEGUNDO.- Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral para 2017 que figura no expediente

TERCEIRO.- Aprobar as Bases de Execución do Orzamento para o ano 2017.

CUARTO.- Expoñer ao Público o acordo de aprobación inicial mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia polo prazo de 15 días, durante os cales, os interesados poderán presentar as reclamacións que estimen convenientes ante o Pleno, estas reclamacións serán resoltas polo Pleno no prazo dun mes. No caso de que non se presentasen reclamacións durante o período de exposición pública considerárase definitivamente aprobado o Orzamento Xeral para o ano 2017.

[Abandona a sesión D. Jorge Serafín Allegue Freire]

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO:MOCIÓNS URGENTES.

Non houbo.

8.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA

Recibida polas persoas membro do Pleno, copia da proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA. SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 29/12/2016

*De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **809.2016** de 21 de novembro ao **901.2016** de 23 de decembro, ambos os dous incluídos, os seguintes:*

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2016/G003/000885	CONVOCATORIA SESIÓN ORDINARIA PLENO DE 24/11/2016	809/2016	21/11/2016
2016/G003/000878	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE XERACIÓN DE CREDITO: COMPRA ORDENADORES PARA OFICINA DE INFORMACIÓN E TURISMO	810/2016	22/11/2016
2016/G003/000876	APROBACIÓN DE FACTURAS RELACIÓN DE O/2016/47	811/2016	22/11/2016
2016/G003/000880	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 1, Nº2 E Nº3 E ACTA DE RECEPCIÓN, DA OBRA DEMOLICIÓN PARCIAL DE MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.	812/2016	22/11/2016
2016/G003/000881	PADRON SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA OUTUBRO 2016	813/2016	22/11/2016



2016/G003/000883	ALTA-BAIXA RECOLLIDA DE LIXO DE D. JOSE MANUEL MATA PEGO (TABERNA CUBANA)	814/2016	22/11/2016
2016/G003/000887	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	815/2016	22/11/2016
2016/G003/000888	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE, SUBCONTRATISTAS E XESTIÓN DE RESIDUOS PARA OBRA REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME; EXPTE 2016/C003/000003	816/2016	22/11/2016
2016/G003/000889	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	817/2016	22/11/2016
2016/G003/000890	CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E REQUERIMENTO Á ENTIDADE MELLOR CLASIFICADA NO CONTRATO DE SERVIZO DE MONITORAXE DE TALLERES CULTURAI S MUNICIPAI S DO CONCELLO DE PONTEDEUME	818/2016	22/11/2016
2016/G003/000879	MODIFICACION ORZAMENTARIA MEDIANTE XERACION DE CREDITO: INFRAESTRUCTURAS E EQUIPAMENTOS CULTURAI S	820/2016	25/11/2016
2016/G003/000891	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº1 E FINAL, FACTURA E ACTA DE RECEPCIÓN, DA OBRA -DEMOLICIÓN EXTINTA CÁMARA AGRARIA DE PONTEDEUME-.	819/2016	25/11/2016
2016/G003/000892	INCIDENCIAS NÓMINA MES NOVEMBRO 2016.	821/2016	25/11/2016
2016/G003/000895	MODIFICACION ORZAMENTARIA MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CREDITO PARTIDAS GASTOS DE PERSONAL	823/2016	25/11/2016
2016/G003/000896	ESTIMATORIO DE ALEGACIÓNS DE EXPEDIENTES SANCIONADORES DE TRÁFICO (DE PAZ****)	822/2016	25/11/2016
2016/G003/000893	NOMINA NOVEMBRO DE 2016	824/2016	25/11/2016
2016/G003/000899	AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL IMPAGO SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA D.R.G	831/2016	28/11/2016
2016/G003/000900	CONVOCATORIA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 28/11/2016	825/2016	28/11/2016
2016/G003/000894	INICIO SANCIONADORES TRAFICO (CORREA***-REY***)	827/2016	28/11/2016
2016/G003/000897	APROBACIÓN DE RELACIÓN DE O/2016/49	828/2016	28/11/2016

2016/G003/000898	AXUDA DE EMERXENCIA SOCIAL PARA IMPAGO DE SUBMINISTRO ELÉCTRICO	832/2016	28/11/2016
2016/G003/000901	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº1 E FACTURA Nº B608201 00001 DA OBRA -REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME-. EXPTE. Nº 2016/C003/000001.	826/2016	29/11/2016
2016/G003/000904	XUSTIFICACION CONVENIO PARA A REALIZACIÓN DAS OBRAS DE REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME	829/2016	30/11/2016
2016/G003/000903	CONVOCATORIA DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL ORDINARIA DE 01/12/2016	830/2016	30/11/2016
2016/G003/000902	APROBACIÓN RELACIÓN DE O/2016/51	833/2016	05/12/2016
2016/G003/000905	ALTA-BAIXA RECOLLIDA DE LIXO DE UNION DE CREDITOS INMOBILIARIOS, S.A	837/2016	05/12/2016
2016/G003/000906	ALTA-BAIXA RECOLLIDA DE LIXO DE DONA CARMEN SARA RODRIGUEZ PEREIRA	835/2016	05/12/2016
2016/G003/000907	ALTA-BAIXA RECOLLIDA DE LIXO DE D. JUAN CARLOS OLIVAR NIETO	836/2016	05/12/2016
2016/G003/000910	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN MUNICIPAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME NO MES DE NOVEMBRO DE 2016	834/2016	05/12/2016
2016/G003/000842	TAXA POR OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO CON MESAS, CADEIRAS, E OUTROS ELEMENTOS AUXILIARES. PERIODO: XUÑO-SETEMBRO 2016	838/2016	05/12/2016
2016/G003/000911	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	839/2016	05/12/2016
2016/G003/000912	APROBACIÓN DE FACTURAS DE PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIA E CONDUCTAS ADICTIVAS NO ÁMBITO LOCAL 2015-2017 (VAI X DIANTE)	840/2016	05/12/2016
2016/G003/000908	MODIFICACION ORZAMENTARIA MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CREDITO PARTIDAS MESMO AREA DE GASTO	841/2016	07/12/2016
2016/G003/000909	MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE XERACIÓN DE CREDITOS: SUBVENCIÓN DEPUTACIÓN PARA INVESTIMENTOS DEPORTIVOS	842/2016	07/12/2016



2016/G003/000914	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	843/2016	07/12/2016
2016/G003/000913	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	844/2016	07/12/2016
2016/G003/000915	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	845/2016	07/12/2016
2016/G003/000916	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	846/2016	07/12/2016
2016/G003/000917	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	847/2016	07/12/2016
2016/G003/000918	REMISIÓN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO, REPRESENTACION DO CONCELLO E EMPLAZAMENTO AOS INTERESADOS NO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO 0000281/2016 CONTRA O CONCELLO DE PONTEDEUME ANTE O XULGADO DO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 4 DA CORUÑA	848/2016	07/12/2016
2016/G003/000919	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	849/2016	07/12/2016
2016/G003/000921	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓN E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	850/2016	07/12/2016
2016/G003/000923	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL	851/2016	07/12/2016
2016/G003/000924	Adjudicación contrato de Monitoraxe de Actividades Culturais	852/2016	07/12/2016
2016/G003/000926	SOLICITUDE DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	853/2016	12/12/2016

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2016/G003/000927	LICENZA DE OBRA MAIOR PARA ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ACESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL CHALET ROSA E CONSTRUCCIÓN DUN NOVO AULARIO	854/2016	12/12/2016
2016/G003/000932	NOMEAMENTO TESOUREIRA ACCIDENTAL.	855/2016	13/12/2016
2016/G003/000931	PAGO A XUSTIFICAR PARA A COMPRA DE FORMIGÓN -PARCELA PUNTO LIMPO-.	856/2016	13/12/2016
2016/G003/000928	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN POR PUBLICACIÓN DE ANUNCIO NO BOE.	858/2016	13/12/2016
2016/G003/000933	PAGO A XUSTIFICAR PARA A COMPRA DUNHA ÁRBORE DE NADAL PARA O CONCELLO.	859/2016	13/12/2016
2016/G003/000930	ENCOMENDA DE DEFENSA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO 0001033/2015. DEMANDANTE MARIA ESTHER LEIRA PENABAD ANTE O XULGADO DO SOCIAL Nº 5 DE A CORUÑA	857/2016	13/12/2016
2016/G003/000929	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA SUBMINISTRO DE MATERIAL DEPORTIVO : PORTERIAS, MARCADOR DIXITAL E CAÑONES DE CALOR. (Subv. FO102/2016 da Deputación Provincial de A Coruña)	860/2016	15/12/2016
2016/G003/000320	AXUDA SOCIAL	861/2016	19/12/2016
2016/G003/000316	DENEGACIÓN AXUDA SOCIAL	863/2016	19/12/2016
2016/G003/000317	DENEGACIÓN AXUDA SOCIAL	862/2016	19/12/2016
2016/G003/000318	DENEGACIÓN AXUDA SOCIAL	864/2016	19/12/2016
2016/G003/000934	DIETAS ASISTENCIA TRIBUNAL PARA A SELECCIÓN DE DOUS ALBANEIS.	865/2016	19/12/2016
2016/G003/000936	CLASIFICACIÓN DE OFERTAS E PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: PARQUE INFANTIL E BIOSALUDABLE (PAS 2015). EXPTE 2016/C003/000002	866/2016	20/12/2016
2016/G003/000925	DESESTIMATORIO ALEGACIÓNS SANCIÓNS TRÁFICO (SOLÍS***)	868/2016	20/12/2016
2016/G003/000935	ALTA-BAIXA RECOLLIDA DE LIXO DE INSAFER, SCI, INMOBILIARIA	867/2016	20/12/2016
2016/G003/000942	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA PAGO A XUSTIFICAR Nº 12/2016.	870/2016	20/12/2016



2016/G003/000943	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA PAGO A XUSTIFICAR Nº 13/2016.	869/2016	20/12/2016
2016/G003/000938	APROBACIÓN RELACIÓN DE O/2016/53	871/2016	20/12/2016
2016/G003/000944	PADRON SERVIZO AXUDA NO FOGAR DEPENDENCIA E LIBRE CONCORRENCIA NOVEMBRO 2016	873/2016	20/12/2016
2016/G003/000945	INICIO SANCIONADORES TRÁFICO (MARTÍN***-GARCÍA***)	872/2016	20/12/2016
2016/G003/000951	MODIFICACION ORZAMENTARIA MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CREDITO PARTIDAS PERSOAL	874/2016	20/12/2016
2016/G003/000920	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	875/2016	20/12/2016
2016/G003/000952	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	876/2016	20/12/2016
2016/G003/000953	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	877/2016	20/12/2016
2016/G003/000954	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	878/2016	20/12/2016
2016/G003/000955	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	879/2016	20/12/2016
2016/G003/000956	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA	880/2016	20/12/2016
2016/G003/000957	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCIÓNS, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓN DE LICENZA URBANÍSTICA.	881/2016	20/12/2016
2016/G003/000959	INCIDENCIAS NOMINA MES DECEMBRO E EXTRA 2016.	882/2016	21/12/2016
2016/G003/000960	RESOLUCIÓN NÓMINA MES DECEMBRO E	883/2016	21/12/2016

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	EXTRA 2016.		
2016/G003/000949	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN PARA A PUBLICACIÓN NO BOE DO ANUNCIO -CONTRATAÇÃO E EXECUCIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DE DEPENDENCIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME (2ª LICITACIÓN)-.	887/2016	21/12/2016
2016/G003/000958	APROBACIÓN LIQUIDACIÓN XUNTA DE GALICIA -PAPEL NUMERADO PARA USO DAS CORPORACIÓNS LOCAIS-.	888/2016	21/12/2016
2016/G003/000947	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE SERVIZOS SOCIAIS, EDUCACIÓN, DEPORTES, COMERCIO, TURISMO E CULTURA E XUVENTUDE E PARQUES E XARDÍNS DE 26/12/2016	884/2016	21/12/2016
2016/G003/000948	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ESTUDIO, INFORME E CONSULTA DE ASUNTOS XERAIS DO PLENO DE 26/12/2016.	885/2016	21/12/2016
2016/G003/000950	CONVOCATORIA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE 26/12/2016	886/2016	21/12/2016
2016/G003/000961	MODIFICACION ORZAMENTARIA MEDIANTE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO PARTIDAS PERSOAL	889/2016	21/12/2016
2016/G003/000877	BAIXA POR CADUCIDADE DE EXTRANXEIROS NON COMUNITARIOS SEN AUTORIZACIÓN DE RESIDENCIA PERMANENTE (ENCSARP), NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES.	890/2016	22/12/2016
2016/G003/000965	COMPARECENCIA E PERSOAMENTO EN AUTOS E REPRESENTACIÓN DO CONCELLO NOS RECURSOS CONTENCIOSOS ADMINISTRATIVOS CONTRA A ORDE DE 27 DE MAIO DE 2016 POLA QUE SE APROBA O PXOM DO CONCELLO DE PONTEDEUME	891/2016	23/12/2016
2016/G003/000967	IMPOSICIÓN DE PENALIDADES "Remodelación do xerdín público na Alameda de Raxoi"	892/2016	23/12/2016
2016/G003/000968	IMPOSICIÓN DE PENALIDADES "Reparación rede de saneamento na parroquia de Vilar"	893/2016	23/12/2016
2016/G003/000843	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 5, 6 E 7 DA OBRA -REMODELACIÓN DO XARDÍN PÚBLICO NA ALAMEDA DE RAXOI-. POS/2013.	894/2016	23/12/2016



2016/G003/000847	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº1 E FACTURA DA OBRA REPARACIÓN DA REDE DE SANEAMENTO NA PARROQUIA DE VILAR, CONVENIO COLABORACIÓN 64/2016.	895/2016	23/12/2016
2016/G003/000962	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA PAGO A XUSTIFICAR Nº 9/2016.	897/2016	23/12/2016
2016/G003/000964	RESOLUCIÓN LIQUIDACIÓN AUX. POLICÍA LOCAL MARTÍN CASTRO REY.	898/2016	23/12/2016
2016/G003/000963	APROBACIÓN DE RELACIÓN DE O/2016/54	896/2016	23/12/2016
2016/G003/000966	RESOLUCIÓN LIQUIDACIÓN NÓMINA AUX. POLICÍA LOCAL, MARÍA BERRUEZO CARBALLEIRA.	899/2016	23/12/2016
2016/G003/000969	RESOLUCIÓN LIQUIDACIÓN NÓMINA DO AUX. POLICÍA LOCAL JORGE FERNÁNDEZ CAMIÑO.	900/2016	23/12/2016
2016/G003/000975	EXCEDENCIA ESTHER LEIRA	901/2016	26/12/2016

Asinado dixitalmente, na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

Os membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

Dña. Ascensión de Vicente Olarte, concelleira do Grupo Municipal do PP plantexa os seguintes **ROGOS.**

1.- Rogamos retiren un tronco en la playa de Ber.

Dende a Presidencia indícase que se retirará cando se incorpore un traballador municipal.

2.- Solicitamos retiren el escombro en la Avenida Doctor Villanueva.

3.- Rogamos pinten la zona de carga descarga en la avenida de Rajoy.

4.- Rogamos arreglen la fuente de Peizás.

5.- Por la queja recibida de los vecinos, rogamos continúen con la limpieza del rio Covés desde el puente hacia arriba y sigan con la limpieza debajo del puente al no estar completada dicha limpieza.

Dende a Presidencia indícase que finalmente Augas de Galicia non vai realizar a actuación, alegando que hai casas na beira do río, polo que sería o Concello quen tería que acometela, para o que ten que pedir a oportuna autorización.

Dña. M^a Carmen Piñeiro Varela pregunta por se a actuación de “Costas” ocasionou algún desperfecto.

D. Bernardo Fernández Piñeiro responde que non lle consta e que se mirará, esixindo as oportunas responsabilidades, de ser o caso.

A resposta a esta última pregunta (sobre os desperfectos) da por contestado o rogo seguinte, que non se plantexa.

7.- Por petición de los vecinos rogamos limpien las cunetas del camino que va del Grove a la Regueira.

8.- Solicitamos, por la queda recibida de muchos padres el pintado del paso de peatones del puerto a la altura del CEIP Couceiro Freijomil.

9.- Rogamos repongan y reparen las farolas de la plaza Maestro Alvaro Vázquez Penedo. Dende a Presidencia indícase que non hai farola a repoñer, se non que sería reparación.

10.- Y para acabar el año, igual que lo empezamos, rogamos hagan efectivos los ruegos planteados durante todo el 2016.

E as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- Acabamos de conocer que por una de las empresas participantes en el concurso para la contratación de las actividades deportivas y culturales se presentó un recurso por no estar de acuerdo con el resultado de la mesa de la contratación. ¿Cómo se encuentra esta situación? ¿va a retrasar (todavía más) el inicio de las actividades?

Dna. Raquel Caruncho Corral indica que se está a traballar na resposta dende os servizos xurídicos e que hai un mes para contestar.

D. Bernardo Fernández Piñeiro apunta a que a pregunta está mal feita, xa que son só actividades culturais, ademais de que as actividades xa están iniciadas.

Dna. Ascensión M^a de Vicente Olarte asume o mal plantexamento da pregunta.

Dna. M^a Carmen Piñeiro Varela pregunta se se van paralizar as actividades como consecuencia do escrito.

Dna. Raquel Caruncho Corral contesta que non.

2.- Hace unos días se produjo una avería eléctrica en los bloques 12, 13 y 14 de la urbanización Boa Vista. Según los técnicos de Fenosa consultados, la avería era cosa de los vecinos, pero una queja al alcalde hizo que se asumiera por el concello. ¿Nos pueden explicar este tema?

Dna. Ascensión de Vicente Olarte di que o que queren saber é cal é a problemática plantexada na pregunta.

Dende a Presidencia, D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que o problema foi provocado polos ratos, que comeron os cables da acometida do alumado público.

3.- ¿Qué plazo tiene un vecino para que se le conceda una licencia de obra mayor?

D. Bernardo Fernández Piñeiro, logo de manifestar amosar sorpresa pola pregunta, tendo en conta que o paso polo goberno local dos concelleiros/as do PP, indica que os prazos non son sempre os mesmos xa que depende das distintas autorizacións requiridas e que, unha vez que o expediente está concluído, non máis de tres meses. Di que na actualidade se están a outorgar licenzas solicitadas no mes de outubro.

4.- Hay un problema de luz en el IES Fragas do Eume, ¿a qué se debió la avería? ¿quién asume los costes de reparación?



D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que o problema non é no Fragas do Eume, se non no IES Breamo, que se trata dun fallo no transformador que ten o instituto, que influíu na conexión xeral.

5.- ¿Tienen pensado limpiar el muro de la Rúa Fene?

Dende a Presidencia contestase que si, que se ten pedido orzamento para contratar un elevador.

6.- ¿A qué se debe que la anunciada compra de los desfibriladores sea ahora un contrato de renting por un periodo improrrogable de 12 meses?

Dña. Raquel Caruncho Corral inidica que se optou pola mellor opción para o concello; que na maioría dos concellos se opta por esta opción e que non está segura de ter dito o da compra.

Dña. M^a Carmen Piñeiro Varela apunta que no mes de marzo dixeron que o ían mercar.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se optou pola mellor opción.

7.- En el conflicto de la normalizadora ¿Por qué se renuncia a la asesoría jurídica de la diputación y se contrata una asesoría externa?

D. José Simoes Couceiro pregunta a que conflito se refire. Indica que a traballadora do servizo de normalización lingüística ten una excedencia forzosa a partir do 1 de xaneiro.

Sobre o obxecto da pregunta, di que se decidiu contratar un abogado laboralista, xa que considera que o concello non foi defendido correctamente. Contratouse ao despacho de "Casal", en Ferrol.

8.- En los decretos aparece un gasto de 1.149,50€ por la contratación de publicidad en la revista "Turismo Coruña", ¿esa cantidad se refiere a este reportaje únicamente o incluye más publicaciones? En ese mismo reportaje titulado "Pontedeume el legado de los Andrade" dos de las cuatro fotos hablan de Caaveiro y de las Fragas del Eume que no pertenecen a nuestro municipio, así mismo en el texto casi la mitad va dedicado a Caaveiro y a las Fragas, y muy poco a publicitar el patrimonio histórico-artístico de Pontedeume. Les rogamos si hay futuras ediciones no vuelvan a cometer este gran error.

Dende a Presidencia, D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que se deu a orde de anular esa factura xa que dende o concello non se facilitou información algunha nin se autorizou ningún orzamento ao respecto.

Concluídas as preguntas do Grupo Municipal do Partido Popular, a portavoz do Grupo Municipal do BNG-AA, plantexa os seguintes **ROGOS**:

1.-LIMPEZA NOS LOCAIS DE ESCOLAS UNITARIAS DO CONCELLO **ROGAMOS** limpeza de locais así como de cubertas destas edificacións

2.-SINAIS DE TRÁFICO

Existen en diferentes puntos do concello e do casco históricos sinais de tráfico deterioradas que imposibilitan a súa interpretación.

SOLICITAMOS o seu arranxo.

3.-SUBSTITUCIÓN DE CONDUCCIÓN DE FIBROCEMENTO.

Ante as queixas da veciñanza en diferentes puntos do concello (Vizús, Centroña, O Portiño) sabedores de que as conducións de auga para as vivendas son de fibrocemento, prexudicial para a saúde.

ROGAMOS a súa substitución por outro material inocuo

4.- ADECUACIÓN DOS PANEIS INFORMATIVOS NO PASEO FLUVIAL.

Xa noutros plenos fíxose este rogo e segue do mesmo xeito.

REITERAMOS A SOLICITUDE de se leve a cabo unha adecuación dos paneis informativos existentes en ambas entradas deste paseo.

5.-LOCAL PARA GM

REITERAMOS A SOLICITUDE dun local para o GM BNG-AA

6.- ADECUACIÓN Á NORMATIVA NO CASCO HISTÓRICO.

No casco histórico da vila os toldos, carteis... dos diferentes establecementos teñen unha normativa.

REITERAMOS O ROGO PARA adecuación dos mesmos á devandita norma.

7.-OBRAS NA AVDA DE FERROL

Cofecedores dos “retrocesos” de augas (fecais en diferentes puntos da condución) e sabedores de que pode haber unha intervención neles.

PREGAMOS que se vaian eliminando ademais as conducións de fibrocemento, así mesmo que se faga unha separación de pluviais.

Dende a Presidencia indícase que dentro de non moito habería que conseguir cartos para cambiar o colector xeral.

8.-PERIGOS NO PASEO FLUVIAL

En diferentes puntos do paseo fluvial existen perigos de esvaramentos, tanto nas zonas de madeira coma nas de outros materiais.

ROGAMOS limpeza de madeiras e outros materiais ao longo do paseo.

O Sr. Alcalde-Presidente indica que se ten “chorreado” hai tres semanas, que o problema está na madeira, que está gastada.

Dna. Ana Veira apunta a que se actúe na madeira.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que a madeira é mellor quitala.

9.-FONTE DE SAN COSME

PREGAMOS sinalización e adecuación da mesma.

10.-CAMIÑO DE ESTEIRO Á AUTOESTRADA

Ao longo deste camiño o tendido eléctrico discorre, en varios puntos, polo medio de árbores que golpean coas pólas sobre os cables do tendido. Isto é máis perigoso agora, no inverno.

ROGAMOS a súa revisión e a intervención oportuna.

11.- INFORMACIÓN Á CIDADANÍA

Temos constancia da inexistencia de información da recollida de pertenzas en diferentes puntos do concello. Isto dificulta que a veciñanza saiba cando facelo.

SOLICITAMOS colocación desta información nos colectores de lixo.

E as seguintes **PREGUNTAS:**

1.- ALAMEDA DO ARZOBISPO RAXOI

Continuamos vendo que as obras seguen ou paradas ou a un ritmo demasiado lento.

Semella que á empresa non lle debe supor nada gravoso o pago polo retraso. No decreto 892 di 2.035.00€

Cal é a situación actual?



Estes cartos son a penalización total?

Dende a Presidencia, D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que a penalización se corresponde con unha das certificacións, que se fixo conforme á lei. Sobre a obra, indica que queda colocar as pedras dos bancos de pedra do graderío.

2.- APROBADO O PXOUM

Cal é a situación actual do mesmo?

No decreto 891 hai referencia a contenciosos. Que supón isto?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se teñen presentado 5 contenciosos, dos que non se ten coñecemento do contido, de empresas e de particulares. Indícaselle que se lle deu traslado á Xunta e aos Servizos Xurídicos da Deputación para preparar a defensa. Indica que, de momento, non supón nada e que dependerá do/a xuíz a paralización do Plan ou no peor dos casos que o “tumbe”.

3.- ASFALTADO DA AVD/DR. VILLANUEVA

Varias canalizacións deixaron este asfaltado con fendas ou cicatrices.

Cando van rematar as obras?

Cando se vai aglomerar o firme?

D. Bernardo Fernández Piñeiro informa que xa está prevista a actuación, se ben se está á espera de modificar o proxecto, que contiña eivas, xa que non contemplaba as acometidas. Dña. M^a Carmen Piñeiro Varela pregunta pola autoría do proxecto.

4.- TERREOS COLINDANTES COA IGREXA DE CENTROÑA

Sabedores da existencia dun expediente sobre este asunto. Tendo en conta a necesidade de ter un espazo para uso e disfrute dos cidadáns nese punto do concello. Sendo un lugar de praia.

Que ten pensado facer este goberno municipal para buscar unha solución a esta demanda?

D. Bernardo Fernández Piñeiro apunta á negociación co arzobispado, se ben indica que se trata dun asunto que ten complexidade, facendo referencia a que se trata dunha zona afectada por Augas de Galicia.

5.- CASAS EN RUINAS

O goberno está obrigado a solucionar o feísmo e controlar as casa en ruínas. Algunhas delas en lugares emblemáticos da vila.

Que se está a facer neste eido?

O Sr. Alcalde contesta que se está a aplicar a lei nos casos de casas en ruínas que amosen perigo: faise un informe e procedese a facer un requirimento. Ata o terceiro requirimento a administración non podería actuar subsidiariamente.

6.- PEPRI

Xa en anteriores plenos fixemos preguntas sobre este tema.

Aprobado o PXOM, seguimos agardando a que vexa a luz. Como está?

Cando teñen pensado que poderemos ter algo feito?

pepri: que pasa.

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que se está en proceso de adaptación á nova normativa e de informe ambiental. Indica tamén que a empresa redactora, ten plantexado cuestións de carácter contractual que non se comparten dende o Concello.

Dña. Ana Veira pregunta polos prazos.

O Sr. Alcalde di que xa tiña que estar aprobado, que a empresa cobrou unha parte, contra un reparo suspensivo, á que se lle ten pedido toda a documentación. Indica que é necesario aprobalo canto antes xa que o PXOM contén unha cláusula que recolle que, en canto non se aprobe o PEPRI, non se autorizarán determinadas obras, de rehabilitación integral. Indica que o problema é de carácter contractual.

7.-AS PRAIAS DE VER E CENTROÑA

Faltan medio ano para á chegada do verán e polo tanto para o uso das praias, con augas aptas par o baño. Hai que facer unha previsión activa (para non caer como está sendo demasiado habitual en présas para facer realidade programas...)

Que previsións hai cara este verán?

Cal é a situación actual das actuacións que hai que realizar?

O Sr. Alcalde da conta da existencia dunha subvención nominativa para a execución dunha parte do bombeo en Ver, e indica que se está en negociacións con Augas de Galicia. Di que hai un protocolo de actuación, se ben non é un convenio porque non implica directamente ás tres administración, se ben se trata de actuacións relacionadas.

Ata que non se solucione o problema, estanse a facer revisións oportunas.

No que respecta a Centroña, o Sr. Fernández Piñeiro indica que o problema está nas bombas, que non son trituradoras e funcionan mal; que os depósitos non teñen demasiada capacidade. Di que se ten encargado un depósito máis grande e unas bombas trituradoras. Apunta ás xestións das autorizacións o retraso na actuación.

8.-CUMPRIMENTO DAS MOCIÓNS APROBADAS

Con respecto á moción da memoria Histórica aprobada xa hai varios plenos, nas que se contemplaban actuación por parte deste goberno municipal.

Que actuacións teñen previsto facer?

O Sr. Alcalde indica que se ten pensado na colocación dunha placa no muro da rúa Porto, construído polas represaliadas. A actuación fará referencia a todas as vítimas, sen distinción, e prevese no 2017.

9.-INCIDENCIA NESTE CONCELLO DOS PRESUPOSTOS DA XUNTA

_Nos Presupostos da Xunta de Galicia consígnanse cartos parece ser que para saneamento deste concello.

Para que vai destinado?

Cal é a cantidade?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que habería que preguntar no Parlamento. Apunta ao convenio do saneamento.

10.-BEIRARRUAS D O EDIFICIO FIRRETE

Logo da fase de presentación para a prensa desta edificación.

Como está a súa construción?

En que fase está?

O Sr. Alcalde indica que as beirarrúas están feitas. Tense comunicado a Portos a necesidade de pechar e cubrir a parte traseira, proposta pola que se está a agardar.

11.- ORDENANZAS A ACTUALIZAR

Logo xa de reiteradas peticións por parte do BNG-AA

Cales son as ordenanzas actualizadas xa?



Cal é o calendario, real, para as que restan?

Indícase que primeiro se actualizarán as recollidas no Plan Normativo. Tense a previsión de actuar nas de ocupación da vía pública, do mercado municipal, feirón, cemiterio, convivencia cidadá...

Dña. M^a Carmen Piñeiro Varela pregunta a que se refire coa modificación da ordenanza do feirón.

O Sr. Alcalde indica que se ten que modificar a ordenanza fiscal, que non se pode cobrar por metro lineal.

12.- O SORTEO ÁS PARROQUIAS

O goberno municipal fixo un sorteo entre as parroquias para un gasto na mesma.

Para que foi este investimento?

Xa está rematado?

D. Bernardo Fernández Piñeiro indica que se instalou unha nova marquesina de autobús e a outra actuación consiste na recollida de pluviais.

13.-AUDITORÍA ENERXÉTICA

O 24-02-2016 o Sr. alcalde difundiu que había de facer neste 2016 unha auditoría enerxética co obxectivo de sacar a concurso o subministración eléctrica.

Está feita?

Cales son os resultados?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que xa ten explicado o tema e que se ben a idea inicial era aquela, recomendaron o cambio de actuación.

REMATE DA SESIÓN

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as catorce horas e cincuenta e catro minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do Alcalde e do Secretario-Accidental, que dá fe.